

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 2/2022

SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE XANEIRO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Extraordinaria (Orzamentos) do 22.12.21, extraordinaria (C.C.V.) do 22.12.21, Ordinaria do 29.12.21 e extraordinaria do 4.01.22.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Aprobación inicial da Modificación Ordenanza Fiscal nº 6 reguladora do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Expte. 2850/500 (Rexistro Pleno 3243/1101).
- 3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 4º trimestre do ano 2021. Expte. 25183/541 (Rexistro Pleno 3241/1101).

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ADMINISTRATIVA E I+D.

- 4.** Aprobación Inicial da Ordenanza reguladora das condicións da circulación dos vehículos de mobilidade persoal nas vías urbanas da cidade de Vigo. Expte. 118921/210 (Rexistro Pleno 3244/1101).

Mocións:

- 5.** Moción do concelleiro membro non adscrito polo fortalecemento da atención primaria na Área Sanitaria de Vigo. Rexistro Pleno 3259/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a garantir os recursos humanos e medios técnicos para o adecuado funcionamento da Atención Primaria e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3264/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a retirar de forma urxente e inmediata a súa candidatura a Patrimonio da Humanidade ao Parque das Illas Atlánticas e declarar o seu apoio á candidatura proposta polo Concello de Vigo. Rexistro Pleno 3265/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 1 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que transfira a xestión do Plan Estatal de Vivenda, no ámbito do termo municipal, ao Concello de Vigo, coa transferencia de fondos axeitados para tal fin, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3266/1101
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que manteña as tarifas na autoestrada que conecta Vigo con Baiona AG-57, e bonifique as peaxes nos mesmos termos que fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela. Rexistro Pleno 3267/1101.

PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 21.12.21 ao 19.01.22. Expte. 1132/1102 (Rexistro Pleno 3260/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 21.12.21 ao 19.01.22. Expte. 1133/1102 (Rexistro Pleno 3261/1101).

Mocións.

12. Moción do grupo municipal Mixto, solicitando a reapertura inmediata de Vigosónico. Rexistro Pleno 3256/1101.
13. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal á elaboración dunha estratexia para fixar poboación na cidade e incentivar o emprego, con obxectivos e medidas de carácter fiscal, de promoción de vivenda pública e outros. Rexistro Pleno 3263/1101.
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores (R)
 Caride Estévez María José
 Espinosa Mangana Elena
 Fernández Pérez José Manuel (R)
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura (R)
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín (R)
 Mejías Sacaluga Ana Maria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (*incorporase no punto nº 2*).
 González Castillo Jesús Marco
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso (R)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (R)
 Pérez Correa Ruben



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 2 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel MEMBRO NON ADSCRITO
Rodríguez Calviño Patricia (R)
Rodríguez Díaz Santos Héctor (R) Pérez Igrexas Xabier
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen (R)

NON ASISTEN:

Caballero Álvarez Abél Ramón, Alcalde-Presidente que xustifica a súa ausencia.
Estévez Rodríguez Pablo Luis

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e seis de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Segundo Tenente de Alcalde, D. Javier Pardo Espiñeira, e a asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(2) ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA (ORZAMENTOS) DO 22.12.21, EXTRAORDINARIA (C.C.V.) DO 22.12.21, ORDINARIA DO 29.12.21 E EXTRAORDINARIA DO 4.01.22.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: extraordinaria (Orzamentos) do 22.12.21, extraordinaria (C.C.V.) do 22.12.21, ordinaria do 29.12.21 e extraordinaria do 4.01.22.

Incidencia. A concelleira Sra. Egerique Mosquera incorporase a Sesión de Pleno no punto nº 2.

2.(3) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 3 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERREOS DE NATUREZA URBANA. EXPTE. 2850/500 (REXISTRO PLENO 3243/1101).

ANTECEDENTES: Con data 20 de decembro do 2021, a técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL) modificado por Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT), modificada por Lei 11/2021, de 9 de xullo de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra ás practicas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 17.12.2012 aprobouse a última modificación da presente ordenanza fiscal reguladora do Incremento de Valor dos terreo de natureza urbana.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 19.11.2021.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A recente Sentenza do Tribunal Constitucional 182/2021, do 26 de outubro (publicada no BOE nº 282 de 25 de novembro de 2021) declarou a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1 segundo parágrafo, 107.2.a) e 107.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), deixando un vacío normativo sobre a determinación da base impoñible que impide a liquidación, comprobación, recadación deste tributo local e, polo tanto, a súa esixibilidade.

Co fin de dar cumprimento ao mandato do Tribunal Constitucional contido na citada sentenza así como nas anteriores 59/2017 e 126/2019, con data 9 de novembro do 2021 publícase no BOE nº 268 de 9 de novembro de 2021 o Real Decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro, *polo que se adapta o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo á*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 4 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional, sen que signifique a creación ex novo dun tributo, senón unha reforma parcial que se limita a introducir un novo suposto de non suxeición e a modificar o método de determinación da base impoñible.

Aínda que esta modificación resulta xa de aplicación dende o 10 de novembro de 2021, a Disposición Transitoria única determina que no prazo de seis meses dende a entrada en vigor deste Real Decreto lei deban axeitarse ao disposto no mesmo as ordenanzas fiscais do tributo.

Conforme ao anterior procedemos a adecuar ao vixente TRLRFL no modificado polo citado Real Decreto Lei 26/2011 de 26 de novembro.

A máis do anterior, introdúcese unha Disposición Adicional que recolle normas de rango legal aplicables directamente a este imposto.

Tamén se simplifica o procedemento de xestión e se contempla un convenio de colaboración coa ATRIGA (artigo 13).

A modificación legal introducida ten as seguintes finalidades: non permitir gravame en situacións nas que non haxa “incremento de valor do terreo”, atemperar a cota tributaria á contía do citado incremento de valor mediante a formulación do dous métodos de cálculo alternativos e gravar supostos de incrementos de valor xerados en períodos inferiores a un ano por seren estes os que poidan ter un carácter máis especulativo
A continuación faise un desglose das modificacións introducidas:

- No artigo 3 introdúcese un apartado 5 que constitúe unha transcripción do artigo único do Real decreto lei 26/2021 de 8 de novembro.
- O texto íntegro do artigo 7 relativo á base impoñible do imposto constitúe unha transcripción do artigo 107 apartados 1,2,4, e 5 do TRLRFL redactado conforme ao apartado 2 do artigo único do Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro.
- A redacción proposta para o artigo 10 relativa á xestión do imposto simplifica a obriga do suxeito pasivo, relata os sucesivos trámites do expediente e incorpora o artigo 110.4 do TRLRFL relativo á comprobación de valores, bases ou cotas.
- Por último, introdúcese un novo artigo 13 a vontade de subscribir convenio coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 110.8 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente adaptación non terá repercusión dende o punto de vista das previsións na correspondente partida orzamentaria de ingresos do exercicio 2022.

Compre facer constar que a aplicación das novas normas de calculo do imposto significarán, respecto da anterior normativa, unha menor cota tributaria para transmisións nas que o período de xeración de incremento de valor sexa superior a 5 anos e unha maior cota tributaria para transmisións con períodos inferiores a 5 anos. Por outra parte aparece un novo suposto de gravame para que as transmisións que se suceden cun período inferior a 1 ano que antes non tiñan gravame.

Con todo, no transcurso do exercicio 2022, de producirse minoración de ingresos, esta sería compensada con actuacións de regularización tributaria no marco do plan anual de control tributario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 5 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 6 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Adaptación da Ordenanza Fiscal:

ADAPTACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA AO REAL DECRETO LEI 26/2021 DE 8 DE NOVIEMBRE.

Os seguintes artigos quedan redactados como segue:

ARTIGO 3.- NON SUXEICIÓN.

4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores de ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o/a interesado/a en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados/as, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 6 desta ordenanza.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición tomarase, en casa caso, o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración Tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data da devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 7 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión tivera sido a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se tivera posto de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre sociedades.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao establecido no apartado 2 seguinte, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3 seguinte.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles. Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arranxo a aquel.

Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se tivera obtivo do conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes correxiránse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efectos nas leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovle de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo, aplicaranse sobre a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto de aquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou na transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 8 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxera de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indicase outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorrata o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, corresponderase, en todo caso, co coeficiente indicado no artigo 107.4 do TRLRFL, na redacción vixente no momento da devindicación.

Na súa redacción actual, o coeficiente é o seguinte:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 9 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no apartado 5 do artigo 3 desta ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo, tomarase como base imponible o importe de dito incremento de valor.

Elimínase o vixente artigo 8.

O artigo 9 COTA pasa a artigo 8 COTA, quedando redactado como segue:

ARTIGO 8.- COTA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación do artigo 7, o tipo de gravame do 30%.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra a bonificación prevista no artigo 5 da presente ordenanza

O artigo 10 DEVINDICACIÓN pasa a artigo 9 DEVINDICACIÓN

O artigo 11 XESTIÓN pasa a 10 XESTIÓN, quedando redactado como segue:

ARTIGO 10.- XESTIÓN.

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello as escrituras ou documentos nos que se poñen de manifesto as transmisións.

Poderán presentar tamén a escritura ou documento de adquisición a efectos de determinar se houbo ou non incremento de valor por diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

No caso de transmisións mortis causa acompañarán declaracións do imposto de sucesións.

2. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes:

- Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devindicación.

- Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

3. Os/As declarantes recibirán borrador da autoliquidación do imposto que será confirmada mediante o pagamento na data límite que figura naquel.

4. O ingreso poderá realizarse mediante pagamento on line ou ben a través de entidade colaboradora.

5. Excedida a data límite do pagamento que consta no borrador sen o pagamento do importe da autoliquidación, procederase ao cobro daquela polo procedemento de prema previsto nos artigos 160 e seguintes da Lei xeral tributaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 10 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. Os suxeitos pasivos poderán instar a rectificación da autoliquidación conforme ao disposto no artigo

120.3 da Lei xeral tributaria.

7. Sen prexuízo das comprobacións derivadas do disposto no apartado 5 do artigo 3 e apartado 4 do artigo 7 desta ordenanza, a Administración Tributaria do Concello só poderá comprobar que nas autoliquidacións se aplicaron de forma correcta as normas reguladoras do imposto, sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de tales normas.

O artigo 12 OBRIGAS DE PERSOAS DISTINTAS DO SUXEITO PASIVO pasa a artigo 11.

O artigo 13 INFRACCIÓNS E SANCIÓN S pasa a artigo 12.

Engádese un novo artigo 13 do seguinte tenor literal:

ARTIGO 13.- CONVENIO ATRIGA.

A Administración Tributaria do Concello poderá subscribir coa ATRIGA convenio de colaboración e intercambio de información tributaria para a xestión eficiente deste imposto, en particular para a determinación da base imponible por diferenza entre valor de transmisión e valor de adquisición ou para a determinación da non suxeición ao imposto.

Suprímese a Disposición Transitoria e engádese a Disposición Adicional seguinte:
DISPOSICIÓN ADICIONAL

Resultarán de aplicación directa no presente imposto as seguintes disposicións con rango de lei: - apartado terceiro da Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 31/1991, de 30 de decembro, pola que se aproban os orzamentos xerais do Estado para 1992

- artigo 15 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado
- artigo 104.4 do TRLRFL segundo Disposición Final Oitava da Lei 26/2013, de 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.
- artigo 105.1.c) do TRLRFL segundo apartado 1 do artigo 123 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Disposición Adicional Segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto de sociedades
- artigo 23.7 do Real Decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana
- artigo 17.9 do Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

Igualmente, serán de aplicación directa a este imposto calquera outra disposición con rango de lei que entre en vigor con posterioridade á aprobación da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 11 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO....”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 21.12.2021, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

O 23 de decembro do 2021, a Interventora adxunta emite informe de fiscalización, que di o que segue,

“Remitido á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referido ao obxecto da realización do preceptivo control interno de conformidade co previsto no artigo 214 RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro. Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLFL), artigos 15 a 19 e 100 a 103.
- Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (en diante LXT), Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (en diante RXR), e Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos (en diante RXXI).
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 12 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Regulamento Orgánico do Pleno.

Segundo. Carácter e contido do informe de intervención.

O control interno da actividade económico- financeira do sector público local exercerase polo órgano interventor mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro (artigos 213 do TRLHL e 3 RDCI).

A súa vez, o control financeiro da actividade económico-financiera do SPL exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública (artigo 29.1 RDCI). Ambas as modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financiera do SPL axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental (artigo 29.2 RDCI).

Os traballos de control permanente realizaranse de forma continuada e incluírán, entre outras, as actuacións consistentes na verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora (artigo 32.1 a) RDCI).

En definitiva, como queira que a modificación das ordenanzas, fiscais ou non, constitúe un aspecto da xestión económica que non supón directamente o recoñecemento dun dereito ou ingreso, ou a realización dun gasto, o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa, pero si tanto a control financeiro na súa modalidade de control permanente, como a control de eficacia, debendo verificarse no exercicio das devanditas modalidades de control interno tanto que a proposta exposta axústase ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, como que o procedemento seguido é o aplicable conforme á lexislación vixente, a avaliación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como calquera outros aspectos da xestión económica ou financeira.

Terceiro. Documentos que integran o expediente.

- Orde de inicio do expediente asinada pola Directora de Ingresos e polo concelleiro delegado da Área de Facenda.
- Texto vixente e nova redacción proposta da correspondente ordenanza fiscal.
- Informe-proposta asinado pola Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos e pola Directora de ingresos, e conformado polo Sr. concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

Cuarto. Modificación proposta.

O expediente tramitado de modificación da ordenanza reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, para adaptarse á ordenanza fiscal ao Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro.

- No artigo 3 introdúcese un apartado 5 que constitúe unha transcripción do artigo único do Real decreto lei 26/2021 de 8 de novembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 13 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O texto íntegro do artigo 7 relativo á base imponible do imposto constitúe unha transcripción do artigo 107 apartados 1,2,4, e 5 do TRLRFL redactado conforme ao apartado 2 do artigo único do Real Decreto Lei 26/2021 de 8 de novembro.
- A redacción proposta para o artigo 10 relativa á xestión do imposto simplifica a obriga do suxeito pasivo, relata os sucesivos trámites do expediente e incorpora o artigo 110.4 do TRLRFL relativo á comprobación de valores, bases ou cotas.
- Por último, introdúcese un novo artigo 13 a vontade de subscribir convenio coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 110.8 do TRLRFL.

Quinto. Consideracións xurídicas.

Sobre a posibilidade de aplicar unha bonificación do 20% da cota, con carácter excepcional para o presente exercicio 2020, ás construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación, e cuxo inicio se produza con posterioridade ao acordo de aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local, a Sala do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias, acordou prestar conformidade á proposta de informe do vogal do Tribunal no que se xustifica tal posibilidade afirmando que: *“Canto á ampliación con carácter transitorio da declaración de “especial interese ou utilidade municipal” da totalidade das obras para os exercicios 2020 e 2021 non existe obxección tampouco. A necesidade de reactivación económica xustifica plenamente que se declare o interese municipal no sector da construción e a dita medida pode ser aplicable de inmediato sen obxección algunha. (...)”*

En relación coa posibilidade de dar eficacia retroactiva ás normas tributarias, o artigo 10.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria dispón como postulado xeral respecto da retroactividade que *“salvo que se dispoña o contrario, as normas tributarias non terán efecto retroactivo e aplicaranse aos tributos sen período impositivo devindicados a partir da súa entrada en vigor e aos demais tributos cuxo período impositivo iníciase desde ese momento”*, polo que a primeira cuestión que se expón, por tanto, é se unha norma tributaria pode ter eficacia retroactiva.

Respecto diso a Sentenza do Tribunal Supremo do 19 de decembro de 2011 (recurso Cas. 2884/2010) recolle a xurisprudencia recaída nesta materia da cal destacan as seguintes conclusións:

- A irretroactividade das normas tributarias non é un postulado constitucional, e o artigo 10.2 LXT admite a previsión legal expresa en contrario, xa que *“no existe una prohibición constitucional de la legislación tributaria retroactiva que pueda hacerse derivar del principio de irretroactividad tal como está consagrado”* no art. 9.3 C.E.
- A circunstancia de que *“las normas tributarias no se hallan limitadas en cuanto tales por la prohibición de retroactividad establecida en el art.9.3 CE, “no significa que su legitimidad constitucional no pueda ser cuestionada cuando su eficacia retroactiva entre en colisión con otros principios constitucionales”* (STC 273/2000, do 15 de novembro, FJ 6).
- Finalmente, a teor da doutrina do TC, distínguese entre a retroactividade auténtica ou de grao máximo, e a retroactividade impropia ou de grao medio.

O primeiro suposto prodúcese cando a disposición pretende anudar os seus efectos a situacións de feito producidas con anterioridade á propia Lei e xa consumadas, caso no que só esixencias cualificadas de interese xeral poderían impoñer o sacrificio do principio de seguridade xurídica, STC 182/1997, do 28 de outubro: *“... d) Finalmente, como criterio orientador de este juicio casuístico, resulta relevante, a tenor de la*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 14 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

doctrina de este Tribunal, distinguir entre la retroactividad auténtica o de grado máximo, y la retroactividad impropia o de grado medio. En el primer supuesto, que se produce cuando la disposición pretende anudar sus efectos a situaciones de hecho producidas con anterioridad a la propia Ley y ya consumadas, sólo exigencias cualificadas de interés general podrían imponer el sacrificio del principio de seguridad jurídica. En el supuesto de la retroactividad de grado medio o impropia, que se produce cuando la Ley incide sobre situaciones jurídicas actuales aún no concluidas, la licitud o ilicitud de la disposición dependerá de una ponderación de bienes llevada a cabo caso por caso que tenga en cuenta, de una parte, la seguridad jurídica y, de otra, los diversos imperativos que pueden conducir a una modificación del ordenamiento jurídico tributario, así como las circunstancias concretas que concurren en el caso, es decir, la finalidad de la medida y las circunstancias relativas a su grado de previsibilidad, su importancia cuantitativa, y otros factores similares (STC 126/1987, fundamentos jurídicos 11, 12 y 13, STC 197/1992, fundamento jurídico 4º y STC 173/1996 , fundamento jurídico 3º)".

En consecuencia, parece que resultaría posible dar una lixeira retroactividade á norma tributaria se concorren esas esixencias cualificadas de interese xeral, e no caso que nos ocupa, tal e como di a sala do TEA do Concello de Vigo: " ... polo que o principio xeral de irretroactividade das disposicións regulamentarias cede axeitadamente neste caso (e o fai nun grao mínimo, reiteramos) fronte ao de potenciación da recuperación económica da situación económica derivada dun acontecemento tan excepcional e inesperado como o resultante da pandemia...."

Sexto. Incidencia nos gastos ou ingresos públicos.

Conforme ao disposto no apartado 7º do artigo 129 da LPAC, cando a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberanse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

No expediente consta informe asinado pola Xefa da inspección de tributos e pola Directora de ingresos no que estima que as modificacións propostas na ordenanza reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana non suporán unha minoración nos ingresos do orzamento do ano 2022. Ademais indican que "Con todo, no transcurso do exercicio 2022, de producirse minoración de ingresos, esta sería compensada con actuacións de regularización tributaria no marco do plan anual de control tributario."

Tendo en conta que a liquidación orzamentaria correspondente ao exercicio 2020, última aprobada, cumpriu co obxectivo de estabilidade orzamentaria, de capacidade de financiamento, e co límite de débeda, xa que o Concello de Vigo non tiña débeda viva a 31 de decembro de 2020, e que o período medio de pagamento foi inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores, a modificación proxectada non terá unha incidencia significativa no cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Incidencia no cumprimento da regra de gasto.

O art. 12 da LOEP incorpora a regra de gasto, en virtude da cal a variación do gasto computable das Administracións Públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 15 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Deste xeito, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

En definitiva, consonte ao disposto no artigo 12.4 da LOEOSF, de resultar finalmente aprobada a modificación na ordenanza nos termos propostos, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto no ano 2022 non varía segundo o indicado no informe proposta. Para o caso de que se modifiquen varias ordenanzas reguladoras de ingresos, fiscais ou non, con efectos nos anos 2022 e seguintes, os incrementos ou diminucións de recadación serán o resultado de aplicar conxuntamente todos eles. E todo isto con independencia da suspensión na aplicación da regra de gasto para o exercicio 2022.

Sétimo. Procedemento e competencia.

O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL (“Réxime de organización dos municipios de gran poboación”), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederase aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artigado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Conclusións.

En consecuencia, esta Intervención non aprecia incumprimentos da normativa vixente polo que pode continuarse coa tramitación do expediente correspondente.”

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 30.12.2021, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos grupos políticos municipais, o grupo municipal do Partido Popular presenta emenda en data 12.01.22 (Registro Pleno 3252/1101)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 16 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con data 13.01.2022, a directora de Ingresos emite informe sobre a emenda presentada.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 19.01.2022, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora Méndez Fuentes e señor Pérez Correa, a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a “ADAPTACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA AO REAL DECRETO LEI 26/2021 DE 8 DE NOVIEMBRE”

ARTIGO 3.- NON SUXEIÇÃO.

4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores de ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o/a interesado/a en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados/as, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 6 desta ordenanza.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición tomarase, en casa caso, o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración Tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data da devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 17 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se a adquisición ou a transmisión tivera sido a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se tivera posto de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre sociedades.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao establecido no apartado 2 seguinte, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3 seguinte.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arranxo a aquel.

Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se tivera obtivo do conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes correxiránse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efectos nas leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovle de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo, aplicaranse sobre a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto de aquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 18 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou na transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxera de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indicase outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorateará o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, corresponderase, en todo caso, co coeficiente indicado no artigo 107.4 do TRLRFL, na redacción vixente no momento da devindicación.

Na súa redacción actual, o coeficiente é o seguinte:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 19 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13	anos	0,08	
14	anos	0,10	
15	anos	0,12	
16	anos	0,16	
17	anos	0,20	
18	anos	0,26	
19	anos	0,36	
	Igual ou superior a 20 anos		0,45

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no apartado 5 do artigo 3 desta ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo, tomarase como base imponible o importe de dito incremento de valor.

Elimínase o antigo artigo 8.

O artigo 9 COTA pasa a artigo 8 COTA, quedando redactado como segue:
ARTIGO 8.- COTA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación do artigo 7, o tipo de gravame do 30%.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra a bonificación prevista no artigo 5 da presente ordenanza

O artigo 10 DEVINDICACIÓN pasa a artigo 9 DEVINDICACIÓN

O artigo 11 XESTIÓN pasa a 10 XESTIÓN, quedando redactado como segue:

ARTIGO 10.- XESTIÓN.

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello as escrituras ou documentos nos que se poñen de manifesto as transmisións. Poderán presentar tamén a escritura ou documento de adquisición a efectos de determinar se houbo ou non incremento de valor por diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición. No caso de transmisións mortis causa acompañarán declaracións do imposto de sucesións.

2. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes:
- Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devindicación.
- Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

3. Os/As declarantes recibirán borrador da autoliquidación do imposto que será confirmada mediante o pagamento na data límite que figura naquel.

4. O ingreso poderá realizarse mediante pagamento on line ou ben a través de entidade colaboradora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 20 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. Excedida a data límite do pagamento que consta no borrador sen o pagamento do importe da autoliquidación, procederase ao cobro daquela polo procedemento de prema previsto nos artigos 160 e seguintes da Lei xeral tributaria.

6. Os suxeitos pasivos poderán instar a rectificación da autoliquidación conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria.

7. Sen prexuízo das comprobacións derivadas do disposto no apartado 5 do artigo 3 e apartado 4 do artigo 7 desta ordenanza, a Administración Tributaria do Concello só poderá comprobar que nas autoliquidacións se aplicaron de forma correcta as normas reguladoras do imposto, sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de tales normas.

O artigo 12 OBRIGAS DE PERSOAS DISTINTAS DO SUXEITO PASIVO pasa a artigo 11.

O artigo 13 INFRACCIÓNS E SANCIÓN S pasa a artigo 12.

Engádese un novo artigo 13 do seguinte tenor literal:

ARTIGO 13.- CONVENIO ATRIGA.

A Administración Tributaria do Concello poderá subscribir coa ATRIGA convenio de colaboración e intercambio de información tributaria para a xestión eficiente deste imposto, en particular para a determinación da base imponible por diferenza entre valor de transmisión e valor de adquisición ou para a determinación da non suxeición ao imposto.

Suprímese a Disposición Transitoria e engádese a Disposición Adicional seguinte:

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Resultarán de aplicación directa no presente imposto as seguintes disposicións con rango de lei: - apartado terceiro da Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 31/1991, de 30 de decembro, pola que se aproban os orzamentos xerais do Estado para 1992

- artigo 15 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado
- artigo 104.4 do TRLRFL segundo Disposición Final Oitava da Lei 26/2013, de 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.
- artigo 105.1.c) do TRLRFL segundo apartado 1 do artigo 123 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Disposición Adicional Segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto de sociedades
- artigo 23.7 do Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 21 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- artigo 17.9 do Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

Igualmente, serán de aplicación directa a este imposto calquera outra disposición con rango de lei que entre en vigor con posterioridade á aprobación da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

3.(4) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2021. EXPTE. 25183/541 (REXISTRO PLENO 3241/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe, de data 7 de xaneiro de 2022, do Tesoureiro municipal co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 22 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH. Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 23 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/03/2022 10:29

Páxina 24 de 80

Expediente/Documento 3312-1101

CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de 29 de decembro, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incurrir en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 25 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 26 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2021.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2021 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade	X. M.	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2,206	73	22	98
Importe dos pagos	51,673,950.	195,033.02	13,325.82	243,197.89
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	8	0	33	0
Importe	85,047.77	.00	52,716.17	.00
PMP (período medio de pago do	13,71 días	18,68 días	64,44 días	6,64 días



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 27 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Intereses de demora pagados no				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	737	51	24	0
Importe dos pagos	9,652,564.4	209,717.52	44,856.99	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	19	0	19	0
Importe	64,077.18	.00	20,456.45	.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	8,88 días	14,56 días	26,57 días	0,00 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.
O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11.19	14.35	19.79	7.03	103.37	34.12	11.27	0.00
Segundo	11.67	12.17	18.58	21.15	37.75	31.10	14.33	0.00
Terceiro	13.41	18.65	23.63	5.08	29.54	25.03	11.94	1.00
Cuarto	13.71	8.88	18.68	14.56	64.44	26.57	6.64	0.00

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	24,125,123.41	2,816,510.75	99,107.47	122,725.46	150,678.45	34,107.72	2,466.82	.00
Nº pagos	1,079	156	52	12	146	39	10	0
Segundo	31,333,884.95	3,407,337.71	237,404.41	462,887.09	131,956.62	17,471.28	5,874.52	.00
Nº pagos	1,368	187	61	14	129	42	13	0
Terceiro	37,223,454.88	3,055,203.03	627,158.90	26,603.55	159,120.91	26,528.13	21,709.52	493.49



Nº pagos	1,406	219	82	8	131	18	16	1
Cuarto	51,758,997.91	9,717,641.61	195,033.02	209,717.52	66,041.99	65,313.44	243,197.89	.00
Nº pagos	2,214	757	73	51	55	43	98	.00

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.
No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.
Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.
RD 635/2014

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2021												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15.28	7.67	8.32	8.08	9.41	8.97	9.17	12.34	10.34	14.31	11.06	8.56
MARCO	85.85	89.29	97.79	30.17	31.71	36.48	31.05	26.91	25.62	30.19	32.61	45.61
XMU	4.83	13.06	5.49	11.76	8.06	1.97	3.98	16.18	13.92	12.43	7.65	10.50
V. C.BUR.	15.74	9.32	8.76	21.71	15.03	6.24	22.88	9.30	3.62	9.84	4.34	6.10
PMP Global	17.56	8.84	9.35	8.30	9.53	8.87	9.12	12.42	10.43	14.36	11.14	8.70

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2021

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	5,471,601.02	1,121,984.51	3,363.38	23,557.73	11,605.39	115,453.09	1,397.75	0.00
Febreiro	8,747,920.27	1,515,365.79	38,761.41	33,510.38	17,407.89	128,454.33	629.51	0.00
Marzo	9,895,123.69	2,801,469.43	56,982.68	122,725.46	121,665.17	34,107.32	439.56	0.00
Abril	9,118,088.04	2,597,067.03	140,390.66	41,058.48	40,058.26	49,002.36	4,380.55	0.00



Maio	12,681,860.89	2,284,094.98	61,378.04	23,033.12	53,078.11	33,914.74	1,010.06	0.00
Xuño	9,691,552.92	3,377,977.85	35,635.71	462,887.09	38,820.25	39,251.28	483.91	.00
Xullo	11,671,307.82	3,253,006.51	471,001.34	47,842.04	57,854.86	26,553.05	512.56	.00
Agosto	11,596,396.66	2,649,382.15	67,254.07	51,495.46	46,639.47	3,651.54	472.84	.00
Setembro	13,910,084.62	2,979,875.37	88,903.49	26,603.55	54,626.58	26,528.13	20,724.12	493.49
Outubro	13,596,067.32	2,834,009.27	42,819.13	26,907.09	11,962.52	47,896.67	8,845.49	.00
Novembro	13,423,784.98	4,216,046.23	82,657.75	45,684.84	47,842.80	80,090.33	77,321.02	41,396.13
Decembro	24,680,001.66	9,717,146.08	69,556.14	209,717.52	66,041.99	65,313.44	157,031.38	.00
TOTAL	144,483,789.89		1,158,703.80		567,603.29		273,248.75	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise. O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Vigo previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público correspondente ao 4º trimestre do ano 2021.

4.(5) APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS CONDICIÓNNS DA CIRCULACIÓN DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NAS VÍAS URBANAS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 118921/210 (REXISTRO PLENO 3244/1101).

ANTECEDENTES: Con data 20.12.2021, o xefe de Área de Mobilidade e Seguridade e a concelleira-delegada de Área emiten o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 30 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Por orde da Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada de de Seguridade de 22 de marzo de 2021, iniciouse expediente para a aprobación dun proxecto de ordenanza reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo.

2. Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo seguinte acordouse a apertura dun período de consulta pública previsto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

3. Durante o prazo sinalado no Anuncio deste Concello, publicado na Web do Concello de Vigo entre o 13 de abril e o 10 de maio de 2021, para a consulta pública previa, presentáronse as seguintes suxestións:

3.1. SEGMOVI S.L. (210057437)

Interesa que a nova ordenanza contemple a autorización de percorridos turísticos coa posibilidade de utilizar puntualmente as beirarrúas; e que se permita a realización de publicidade dos percorridos nas beirarrúas.

O proxecto contempla expresamente os percorridos turísticos.

A publicidade desa actividade corresponde ás normas municipais xerais sobre publicidade en vía pública en vigor.

3.2. MEGA (Doc. 210059416)

Interesa que se estableza un límite máximo de velocidade de 25 km/h; limitar a velocidade do carril máis próximo á beirarrúa a 30 km/h; permitir o uso dos vehículos de mobilidade persoal polo carril bici; facilitar o uso dos vehículos de mobilidade persoal polas vías interurbanas; establecer o uso obrigatorio de casco, chaleco; engadir as normas relativas ao adiantamento, prioridade de paso, apertura de portas, semáforos, e sinalización.

Os dous primeiros aspectos quedan recollidos na ordenanza. A limitación de velocidade do carril dereito está expresamente establecido e sinalizado. A ordenanza remite en todo o demais ás normas xerais de circulación establecidas na lexislación de tráfico.

3.3. D. Miguel V.J. (Doc. 210080604)

Interesa a equiparación dos vehículos de mobilidade persoal ás bicicletas; a limitación de velocidade dos vehículos de mobilidade persoal a 25 km/h; a obrigatoriedade do casco de protección, chaleco e alumeado (art. 98.1 RXC); limitación de velocidade no casco vello; limitación de velocidade no carril dereito; establecer a obrigatoriedade de circulación pola parte central do carril; permitir a utilización dos vehículos de mobilidade persoal tipo A polas beirarrúas de máis de 2 metros de ancho con velocidade limitada a 6 km/h; incrementar a dotación de espazos de estacionamento específicos ou permitir a utilización dos estacionamentos para bicicletas; engadir a tipoloxía de vehículos de mobilidade persoal publicada pola Dirección Xeral de Tráfico.

A equiparación coa bicicleta non é materia propia dunha ordenanza municipal; non resulta procedente a utilización das beirarrúas polos denominados vehículos tipo A; o proxecto de ordenanza contempla de maneira adecuada o estacionamento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 31 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vehículos de mobilidade persoal; engadir a tipoloxía dos vehículos de mobilidade persoal non é materia propia dunha ordenanza municipal, que deben limitarse a recoller o establecido na normativa estatal en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

3.4. Voi Technology (doc. 210081082)

As alegacións responden a un enfoque de regulación da actividade de aluguer dos vehículos de mobilidade persoal que non é obxecto da ordenanza. Outros aspectos mencionados xa están debidamente respondidos na contestación ás alegacións anteriores.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Os aspectos fundamentais desta nova ordenanza poden sintetizarse así:

1.1. Xustificación:

A incipiente regulación dos vehículos de mobilidade persoal na normativa estatal en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que se verifica a través da aprobación e publicación do RD 970/2020, de 10 de novembro, precisa do complemento normativo propio dos concellos, as ordenanzas, en canto aqueles vehículos están chamados a protagonizar nos próximos anos as novas formas de mobilidade urbana máis axeitadas co medio ambiente.

O contido da ordenanza responde ao exercicio das competencias que corresponden ao Concello, de conformidade co disposto nos artigos 25, 79 a 84 bis da Lei 7/85 de bases do réxime local; RD 1372/86 polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais; Lei 33/2003 de patrimonio das AAPP; Lei 5/97 das AALL de Galicia; e singularmente o Texto Refundido da Lei de Tráfico (RDL 6/15).

1.2. Contido e alcance:

A ordenanza consta dun total de 15 artigos; unha disposición adicional, unha disposición final e catro anexos.

2.- Estatuto xurídico básico e o seu complemento.

2.1 Corresponde ao Estado ditar a normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (art. 149.1.21ª CE; art. 1 do RDL 6/15)

2.2 As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRRL e do ROF e 6.1.a] da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia. En particular, a potestade de ordenanza está expresamente prevista no art. 7 do Texto Refundido da Lei de Tráfico (RDL 6/2015).

As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola sectorial que resulten de aplicación, sen prexuízo da concepción flexible da colaboración normativa dos municipios en relación coa reserva de lei nas materias da súa competencia, maior que o que corresponde á normativa regulamentaria estatal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 32 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sobre a base dunha constante a anella doutrina constitucional que parte do dobre dato normativo do carácter representativo do Pleno, e de que a garantía da autonomía local prevista na CE impide que a lei conteña unha regulación esgotadora daquelas materias en que está claramente presente o interese local.

3. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d).

4. En canto ao procedemento de aprobación, resultan de aplicación o art. 49 da LRBRL e o Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

5. En canto á súa entrada en vigor, art. 70.2 LRBRL.

6.- No expediente constan informes favorables do Secretario Xeral de Pleno e da Intervención Xeral.

PROPOSTA

Á vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, que de conformidade coas atribucións que lle confire o artigo 127 da LRBRL, e se o estima oportuno, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo, de acordo co texto que de seguido se transcribe.

SEGUNDO.: Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo (Expte. Nº 118921/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.

ÍNDICE

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.....	33
ANEXOS.....	41
ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.....	48



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 33 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXOS.....55

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.

PREÁMBULO

A presente ordenanza nace da vontade deste Concello de garantir o uso axeitado dos espazos públicos para toda a cidadanía ante a aparición en datas recentes dun novo modo de mobilidade urbana como son os denominados vehículos de mobilidade persoal (no sucesivo VMP) regulando o seu uso, de tal forma, que se prime a seguridade viaria.

A norma trata de harmonizar os distintos usos das vías e os espazos públicos; facelos máis compatibles coas distintas modalidades de vehículos, pero tamén cos usuarios máis vulnerables, como son os peóns. Busca o respecto o medio urbano, e en especial, ao seu patrimonio histórico-artístico, sen significar unha traba a unha nova forma de mobilidade menos contaminante. Por este motivo, o seu obxectivo non é so regular a circulación dos VMP nas vías urbanas, senón tamén impulsar novas formas de mobilidades máis axeitadas co medio ambiente, tal e como recolle o Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vigo.

Esta ordenanza complementa e amplía a normativa sobre os VMP contida na regulación estatal sobre tráfico e circulación. A regulación afecta o uso destes dispositivos en vías urbanas abertas o público, non entrando en consideración o emprego noutros ámbitos de carácter privado. Como aspectos máis salientables do presente texto destacar: a introdución da obrigación aos usuarios de portar elementos de seguridade como o casco e prendas reflectoras, a necesidade de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil como os demais vehículos a motor, fixar unha idade mínima para o seu manexo polas vías urbanas, establecer a responsabilidade solidaria de pais, nais ou titores no caso de sancións a menores por infraccións cometidas por estes, e unha regulación da súa posible explotación económica que terá no futuro un desenvolvemento máis pormenorizado nas licitacións e concesións correspondentes. Establécense tamén os requisitos técnicos que deben presentar os VMP, certas limitacións de uso relativas a velocidade e o seu emprego en determinadas zonas da cidade.

A ordenanza estruturase en 15 artigos, unha disposición adicional, unha disposición final e catro anexos, o través dos cales defínese o obxecto, características e documentación necesaria dos vehículos, infraccións e sancións, e viais afectos a circulación.

Por último, ante esta nova realidade na mobilidade urbana e os diferentes e lexítimos intereses privados en xogo, a defensa do interese público lévanos a regular dun xeito proporcional e equilibrado, o uso dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de Vigo.

ARTICULADO

Artigo 1. Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer os requisitos e condicións de uso dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) no Concello de Vigo.

2. Para tal efecto regula:

- a) Os requisitos dos vehículos de mobilidade persoal.
- b) Os requisitos do/a condutor/a.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 34 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- c) Os requisitos de circulación.
- d) O réxime sancionador.
- e) O marco básico regulador das actividades económicas con VMP.

Artigo 2. Definición.

1. Defínese como vehículo de mobilidade persoal (VMP) aquel dunha ou máis rodas dotados dunha única praza e propulsados exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de autoequilibrado.

2. Exclúense desta definición os vehículos sen sistema de autoequilibrado e con sela, os vehículos concibidos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VAC, así como aqueles incluídos dentro do ámbito do Regulamento (UE) n.º 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013.

3. Os dispositivos que non teñen a consideración de VMP, e están fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº168/2013 non poden circular polas vías públicas, e no lles afecta esta ordenanza.

4. Os VMP que non sobrepasen a velocidade de 6 km/h teñen a consideración de xoguetes. Non poderán circular por vías urbanas salvo aquela sinalizadas como zonas residenciais (S-28)

5. Os VMP que non contén con sistema de freado só poderán utilizarse con fins lúdicos ou deportivos e nas zonas especificamente deseñadas ou sinalizadas.

6. Os VMP que non contén con guiador non poderán compartir espazo cos vehículos a motor.

Artigo 3. Documentación e rexistro municipal de vehículos.

1. Os vehículos de mobilidade persoal deberán dispor de certificado de circulación conforme o disposto no art. 22 bis do Regulamento xeral de vehículos aprobado polo Real decreto 2822/98, do 23 de decembro, modificado polo Real decreto 970/20, do 10 de novembro.

2. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, poderase crear e levar un rexistro obrigatorio de todos os vehículos de mobilidade persoal.

O obxectivo deste rexistro será permitir a identificación de vehículos e titulares en caso de roubo, extravío ou accidentes. O rexistro de vehículos terá carácter puramente administrativo. Será público para as persoas interesadas e terceiros que teñan interese lexítimo e directo.

En todo caso figurarán:

- a) O Certificado para a circulación.
- b) O Seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.
- c) O usuario



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 35 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Artigo 4. O/a condutor/a.

A idade mínima para conducir un VMP é de 15 anos cumpridos.

Artigo 5. Seguro de responsabilidade civil.

Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do concello de Vigo.

Os importes da cobertura do seguro non poderán ser inferiores a 500.000 euros por sinistro, no caso dos danos ás persoas.

Artigo 6. Aspectos relativos ao uso e circulación.

1. Será obrigatorio o uso de casco e de chaleco ou roupa reflectora homologados.
2. Respetarase en todo momento as normas xerais de circulación establecidas nesta ordenanza e na lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
3. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesarias para evitar riscos e/ou danos propios ou alleos. Manterase unha distancia dun metro e medio respecto aos peóns; de non existir un paso seguro entre eles, o condutor/a terá que desmontarse do VMP e empuxalo a pé apagado. A persoa condutora debe estar, en todo momento, en condicións de controlar o seu vehículo.
4. As persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeiras de rodas, con independencia do tipo de cadeira, son peóns, para todos os efectos.
5. Non se pode circular con taxas de alcol no organismo superiores ás establecidas regulamentariamente, nin con presenza de drogas ou calquera outro tipo de substancias que poidan alterar as condicións persoais para o manexo de vehículos.
6. Só está permitido o uso unipersoal ou monoplaza.
7. Non se permite circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
8. Non se permite circular usando dispositivos de telefonía móbil, así como calquera outro medio ou sistema de comunicación que implique uso manual.
9. En ningún caso, permitírase que sexan arrastrados por outros vehículos ou animais.
10. Cando circulen por calzada o farán polo carril da dereita e ocupando a parte central do mesmo.
11. Nos pasos para ciclistas deberase reducir a velocidade, cruzar a unha velocidade moderada e con precaución, sen invadir o espazo reservado para peóns. Terase que desmontar do VMP no caso de que non existise un paso seguro entre os peóns e empuxar a pé o VMP apagado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 36 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12. Está prohibido circular con VMP levando animais, mercadorías ou obxectos que sobresaían do vehículo.

13. Prohíbese que circulen en formación paralela.

14. Os VMP que pola súa construción dispoñan de luces dianteiras e traseiras deberán facer uso destas para circular. Terán prohibido a circulación entre a posta e saída do sol, e cando as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables se non dispoñen de alumeado.

Artigo 7. Vías de circulación dos VMP. Limitacións de uso.

1. Débense cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de vía:

- a) En beirarrúas e zonas peonís non se poderá circular con VMP. Nestes casos os usuarios deberán desmontarse do VMP, e empuxalo apagado ata o seu destino ou lugar de estacionamento.
- b) Casco Vello Alto e Baixo, e Casco Histórico de Bouzas (zonas delimitadas en Anexo IV), rúas con prioridade peonil (rúas residenciais sinalizadas con S28 e áreas de convivencia ciclista-peón debidamente sinalizadas). Poderase circular a unha velocidade non superior a 10 km/h, que deberá reducirse a 5 km/h para acomodala á velocidade dos peóns cando se aproxime a estes, unha distancia mínima de dous metros de separación respecto das fachadas e dun metro e medio de separación respecto das persoas. Terá que desmontarse do VMP no caso de que non existise un paso seguro de entre peóns de 1,5 m e empuxar a pé o VMP apagado.
- c) Circulación polo carril-bici, pista-bici, sendas ciclables e beirarrúas-bici (ao non poder circular polas beirarrúas). A circulación por estes espazos está autorizada coas limitacións do tipo de vehículo do artigo 9 da presente ordenanza e a unha velocidade non superior a 20 km/h
- d) Circulación pola calzada, ciclo-carril. A velocidade máxima será de 25km/h ou no seu caso respectando as limitacións de velocidade xenéricas vixentes ou sinalizadas na vía.
- e) Carril bus: Os VMP poderán circular polo carril bus a unha velocidade máxima de 25 km/h

2. Prohíbese circular por travesías, vías interurbanas e autoestradas e autovías que transcorren dentro de poboación con vehículos de mobilidade persoal. Así mesmo, queda prohibida a circulación destes vehículos en túneles urbanos e pasos inferiores urbanos.

3. O Anexo I recolle as vías excluídas da circulación dos VMP por razóns como intensidade de uso, composición do tráfico e o seu carácter vertebrador da mobilidade de vehículos a motor, e por dispoñer en todos os casos de alternativa viaria.

4. O Anexo II recolle os usos permitidos en espazos públicos segundo as características técnicas dos vehículos de mobilidade persoal. O Anexo III recolle a definición destes, excepto a delimitación do Casco Histórico e de Bouzas, que están recollidas no Anexo IV.

5. Os anexos previstos nesta ordenanza poderán ser modificados por necesidades técnicas de circulación por acordo da Xunta de Goberno Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 37 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Artigo 8. Estacionamento.

1. Os VMP estacionaranse nos espazos especialmente destinados a eles e/ou ao aparcamento de bicicletas.

2. No suposto de non existir estes aparcamentos libres nunha contorna de 50 metros, poderán estacionar en fila sobre a beirarrúa a un mínimo de 50 cm do bordo, sempre que non impidan o tránsito de peóns. Se a beirarrúa ten máis de 5 m de anchura, o estacionamento poderase facer en semibatería coas seguintes restricións:

- sempre que non exista sinalización específica que o prohiba;
- a máis de dous metros das extremas das marcas viais que delimitan os pasos de peóns, zonas de carga e descarga, e paradas de transporte público.

3. Os vehículos de mobilidade persoal non poderán ser ancorados a elementos de alumado e sinalización, elementos vexetais, bancos, marquesiñas, nin a outros elementos de mobiliario urbano.

4. Os VMP destinados ao exercicio de actividades económicas, estacionaranse nos lugares e forma que estableza o título habilitante para a actividade e/ou concesión.

Artigo 9. Actividades económicas privadas.

1. Todos os vehículos de mobilidade persoal que se utilicen para o desenvolvemento dunha actividade económica, incluíndo o alugueiro de tales vehículos, deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do concello de Vigo.

2. Cando a actividade económica teña por obxecto a realización de itinerarios de interese turístico, deberán obter ademais unha autorización municipal cuxo outorgamento esixirá en todo caso:

- a) A existencia do certificado para a circulación, ou no seu defecto legal, o documento que acredite a homologación do vehículo;
- b) Proposta de itinerarios e horarios;
- c) Declaración responsable comprometéndose a non permitir o uso senón conforme ao disposto na presente ordenanza, as normas xerais de circulación e demais que resulten aplicables, coidando que os usuarios teñan capacidade bastante para o manexo dos vehículos.

Artigo 10. Réxime sancionador.

1. A responsabilidade por infraccións cometidas contra o disposto nesta ordenanza determinarase conforme o previsto no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, ou norma que o substitúa, e tramitaranse de acordo coa dita normativa.

2.O procedemento e réxime sancionador das infraccións á presente ordenanza, que non estean recollidas no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, será o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 38 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administrativo común das administracións públicas. Neste caso, as sanción serán obxecto dunha bonificación do 50% no suposto de ser abonadas en período voluntario.

3. A tramitación do procedemento sancionador será independente daqueles outros procedementos que tivesen que tramitarse por restauración da realidade física alterada ou por execución forzosa.

4. De cometerse unha posible infracción, a persoa titular do vehículo ten a obriga de identificar ante o Concello ao seu condutor/a.

Artigo 11. Suxeitos responsables.

1. A responsabilidade polas infraccións desta ordenanza recaerá directamente na persoa autora do feito.

2. Non obstante, cando a infracción corresponda a un menor de dezoito anos responderán solidariamente da sanción imposta aos seus proxenitores, titores ou gardadores legais.

3. Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo pola autoridade, será responsable a/o condutor/a identificado/a polo titular. De non producirse a identificación considerarase responsable o/a condutor /a que conste como titular, excepto no caso de subtracción do vehículo.

4. No suposto de actividades económicas ademais do suxeito autor da infracción será responsable o titular da actividade.

Artigo 12. Infraccións.

1. As infraccións á presente ordenanza cualificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Cualificaranse como infraccións leves:

- a) Circular sen manter unha distancia de separación mínima establecidas nesta ordenanza.
- b) Estacionar sobre beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns
- c) Estacionar un VMP fóra dos espazos destinados para eles, existindo prazas libres nunha entorna de 50 m.
- d) Amarrar o atar un VMP nun lugar onde está especificamente prohibido.

3. Cualificaranse como infraccións graves:

- a) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade cando no se considere como infracción moi grave.
- b) Circular en VMP sen ter a idade mínima permitida.
- c) Circular transportando viaxeiros excedendo o uso unipersoal.
- d) Circular cun VMP carecendo de sistema de freado.
- e) Circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
- f) Circular por vías ou zonas prohibidas.
- g) Circular incumprindo as condicións de circulación esixidas pola ordenanza e demais normativa de aplicación.
- h) Circular cun VMP sen o casco de protección obrigatorio ou as pezas de roupa ou elementos reflectores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 39 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- i) Circular sen levar timbre, e/ou luces se por construción estivera obrigado.
- k) Conducir utilizando un teléfono móbil ou outro medio ou sistema de comunicación.
- l) Estacionar un VMP fora dos espazos destinados para eles entorpecendo o tránsito peonil ou doutros vehículos.

4. Cualificaranse como infraccións moi graves:

- a) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade, excedendo en máis dun 50 por cento a velocidade máxima permitida.
- b) Circular con taxas de alcohol no organismo superior ás establecidas regulamentariamente ou con presenza de drogas.
- c) Circular con temeridade, provocando circunstancias de risco propio ou para terceiros, e que podan poñer en perigo ao resto de usuarios/as da vía.
- d) Circular cun aparello que non teña a consideración de VMP e que a súa vez estea fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 168/2013
- e) Carecer de seguro de responsabilidade civil.
- f) Exercer actividade económica con VMP sen ter obtido as autorizacións pertinentes para o inicio da actividade, ou continuar exercendo a actividade esgotado ou finalizado o prazo estipulado para autorización.

Artigo 13. Sancións.

As infraccións descritas sancionaranse do xeito seguinte:

- a) As cualificadas como leves con multas de ata 100 euros.
- b) As cualificadas como graves con multas de 101 euros ata 200 euros.
- c) As cualificadas como moi graves con multas de 201 euros ata 500 euros.

Artigo 14. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións das normas contidas nesta ordenanza, que á súa vez constitúan infraccións da normativa de tráfico, e os seus regulamentos de desenvolvemento, e as súas sancións correspondentes, rexeranse polo réxime previsto nas ditas normas.
2. O resto das infraccións reguladas na ordenanza prescribirán: as leves aos seis meses de ser cometidas, as graves aos dous anos, e as moi graves aos tres anos .
3. O prazo de prescrición das sancións reguladas pola ordenanza será: un ano para as leves, dous anos para as graves, e tres anos para as moi graves.

Artigo 15. Inmobilización e retirada.

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán inmovilizar e retirar o vehículo de mobilidade persoal conforme o establecido nos artigos 104 e 105 da Lei de tráfico.
2. Na adopción das anteriores medidas provisionais, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de forma que a súa adopción só terá lugar de ser necesaria para facilitar a fluidez do tráfico ou por representar un perigo para a seguridade viaria.

Disposición adicional. Tratamento residual dos VMP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 40 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os vehículos de mobilidade persoal serán obxecto de tratamento residual nos supostos establecidos no art. 106.1, letras a) e b) da Lei de tráfico.

Disposición final. Publicación e entrada en vigor.

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor da ordenanza producirase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva desta ordenanza comunicáraselle ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e a ordenanza publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) A ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXOS

Anexo I. Calzadas excluídas á circulación de VMP.

- Gran Vía entre Venezuela e Praza América.
- Avd. de Madrid nos carrís centrais
- Avd. de Castelao
- Avd. de Beiramar
- Avd. de Clara Campoamor
- Avd. do Arquitecto Palacios
- Avd. de Citröen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 41 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anexo II. Listado de espazos públicos e permeabilidade da circulación de VMP

Tipo de espazo público		VMP sen guiador	VMP con gu
		Vmax=20km/h	Vmax=25km/h
a)	Beirarrúas Zonas peonís	NO NO	NO NO
b)	Casco Vello Centro e Bouzas Rúas residenciais (sinalizadas con S28) Áreas sinalizadas de convivencia ciclista-peón	SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)
c)	Carril-bici Pista-bici Sendas ciclables (sinalizadas con S33) Beirarrúas-bici	NO SI SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=20km/h) SI (a Vmax=20km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)
d)	Calzada Ciclo-carril Zona 30	NO NO NO	SI SI SI
e)	Carril bus/taxi/moto	NO	SI
d)	Túneles e pasos inferiores urbanos.	NO	NO

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 42 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anexo III. Definicións e clasificación de espazos públicos de menor a maior presenza de vehículos a motor.

- Zona peonil: parte da vía, elevada o delimitada doutra forma, reservada á circulación de peóns. Inclúese nesta definición a beirarrúa, ou andén e o paseo.
- Vía Ciclista: Vía especificamente condicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal correspondente, e cuxo ancho permite o paso seguro deste vehículos.
- Área de convivencia ciclista-peón: rúas ou zonas peonís na que se permite expresamente circular en bicicleta mediante sinalización vertical correspondente. Poden existir marcas no pavimento que indiquen unha zona ou eixo de circulación ciclista. Débese respectar o peón, quen terá preferencia en todo momento. O usuario do vehículo está obrigado/a a apearse e ir andando se as condicións de circulación pola presenza de peóns non permiten manter unha distancia mínima de 1m. Estarán debidamente sinalizadas.
- Pista bici: vía ciclista segregada do tráfico motorizado con trazado independente das estradas
- Senda ciclable (S33): vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.
- Beirarrúa-bici: vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa
- Rúas residenciais (S28): zonas de circulación especialmente acondicionadas que están destinadas en primeiro lugar a peóns. Nelas aplícanse as normas especiais de circulación seguintes: –velocidade máxima dos vehículos 20 km/h e os condutores deben conceder a prioridade a peóns. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas. Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación. Os xogos e os deportes están autorizados. Os peóns non deben estorbar inutilmente aso condutores de vehículos.
- Carril-bici Vía ciclista que discorre apegada á calzada, en un so sentido ou en dobre sentido.
- Ciclo-carril: calzada de varios carrís, na que un só carril ten limitada a velocidade. As bicicletas e VMP teñen preferencia sobre os vehículos a motor. Os demais vehículos teñen permitido o seu uso respectando unha distancia de seguridade de 10m.
- Carril bus/taxi: carril especialmente reservado o habilitado para a circulación de transporte colectivo de viaxeiros.
- Zonas 30: zona de circulación especialmente acondicionada que está destinada en primeiro lugar os peóns. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 30 km/h. Os peóns teñen prioridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 43 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anexo IV. Enumeración de rúas que constitúen o Casco Vello e Bouzas

- Casco Vello Alto: rúas de Abeleira Menéndez, Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Santiago e Praza de Argüelles.
- Casco Vello Baixo: o interior do perímetro delimitado polas rúas de Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avda. de Beiramar ata a súa confluencia coas rúas de San Francisco e Poboadores, incluídas estas dúas últimas.
- Casco Histórico de Bouzas: Alameda Suárez Llanos, rúas de Ferreiros entre Casiano Martínez e Rúa do Pazo; Ramón Antonio Álavaro, Caetano Pereira Limia, Santa Ana, Pazo, Praza da Vila de Bouzas, Sebastián Elcano, Alfaies, San Miguel e Santo Cristo.”

Con data 27.12.22, a interventora adxunta emite informe de fiscalización.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 30.12.2021, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o concelleiro membro non adscrito presenta emendas en data 12.01.22 (Rexistro Pleno 3251/1101)

Con data 13.01.2022, o enxeñeiro técnico industrial, o xefe da Área de Seguridade e a concelleira delegada da Área, emiten o seguinte informe sobre as emendas parciais presentadas, que di o que segue,

“ANTECEDENTES

I

O 30 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de ordenanza municipal reguladora da utilización dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo (Expte: 118921-210).

II

De conformidade co establecido no 76 do Texto Consolidado do Regulamento Orgánico do Pleno, o proxecto foi remitido ao Rexistro do Pleno (en diante, Regulamento do Pleno).

III

No prazo de seis días establecido no propio art, 76, D. Xabier Pérez Igrexas, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, presentou emendas parciais ao texto do proxecto de ordenanza.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 44 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En aplicación do disposto no art. 77.3 do Regulamento Orgánico do Pleno procédese á elaboración da seguinte proposta técnico-xurídica sobre as emendas presentadas ao articulado do texto do proxecto.

II

A emenda parcial primeira di

Primeira.- Substitución do texto do artigo 6.1 polo seguinte:

"Será obrigatorio o uso de casco. Recoméndase con carácter xeral a utilización de chaleco ou roupa reflectora homologados, sendo obrigatoria entre a posta e a saída do sol e cando as condicións meteorolóxicas non permitan a adecuada visibilidade."

O texto do proxecto responde a un criterio de seguridade viaria especialmente estrito, por razón da menor visibilidade desta clase de vehículos na circulación viaria en toda clase de circunstancias. A esixencia é indeclinable.

Se propón a desestimación da emenda.

III

A emenda segunda di

Segunda.- Substitución do texto do artigo 6.10 polo seguinte:

"Cando circulen por calzada o farán polo carril da dereita e ocupando a parte central do mesmo, agás por circunstancias da circulación ou para permitir a realización dun xiro á esquerda."

O texto do proxecto esixe explicitamente o cumprimento das normas xerais de circulación establecidas no texto articulado da Lei de Tráfico (RDL 6/2015) e no Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003), que polo seu carácter xeral e de obrigado cumprimento, non merecen unha consideración específica na ordenanza.

Por isto, propónse a desestimación da emenda.

IV

A emenda terceira di

Terceira.- Engadir ao final do artigo 6.12, o seguinte:

"Queda excluída desta prohibición o porte pola persoa condutora de mochila ou análogo, atendendo a que o seu volume e peso non impida o adecuado manexo do VMP."

Do texto da proposta non se deduce a necesidade de excluír da prohibición que o condutor/a porte unha mochila ou elemento análogo, porque tal prohibición non é conforme á norma interpretada segundo as normas de interpretación comunmente aceptadas pola comunidade xurídica (art. 3.1 CC).

Por isto, propónse a desestimación da emenda.

V



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 45 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A emenda cuarta di

Cuarta.- Suprimir o apartado 3 do artigo 7 e o Anexo 1 correspondente.

O texto do proxecto xustifica a exclusión destas zonas por razón de intensidade de uso, composición do tráfico e o seu carácter vertebrador da mobilidade de vehículo a motor.

A emenda non ofrece argumento algún de oposición.

Por isto, propónse a desestimación da emenda.

VI

A emenda quinta di

Quinta.- Engadir unha nova Disposición adicional (Segunda):

"O Concello de Vigo realizará, ao se cumprir seis meses de vixencia da presente ordenanza e despois de maneira periódica, un estudo de avaliación da mobilidade con VMP na cidade, e porá en marcha mecanismos de participación cidadá, nomeadamente coas persoas usuarias/conductoras, para recoller propostas de actuación ou adecuacións normativas."

O Concello de Vigo conta cun Plan de Mobilidade Urbana Sostible como marco global das actuacións neste ámbito. O estudo e avaliación da mobilidade con vehículos de mobilidade persoal forma parte das tarefas ordinarias do Centro da Xestión da Mobilidade dependente da Concellería de Seguridade.

Por isto, propónse a desestimación da emenda.

VII

A emenda sexta propón someter a totalidade do texto do proxecto á revisión e corrección lingüística.

O texto do proxecto se someterá a informe do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

PROPOSTA

En mérito de canto se deixou exposto, no exercicio das facultades que me corresponden segundo o establecido no art. 73.3 do Regulamento do Pleno, e previo ditame da Comisión Informativa competente, veño en propoñer ao Pleno da Corporación:

Primeiro.- Desestimar as alegacións primeira a quinta de D. Xabier Pérez Igrexas, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.

Segundo.- Estimar a alegación sexta de D. Xabier Pérez Igrexas, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.

Data e sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 46 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informante emiten a proposta que contén a parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 19 de xaneiro de 2022, ditaminou favorablemente a mencionada proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora Méndez Fuentes e señor Pérez Correa, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitada a emenda ao dictame.

VOTACIÓN: Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora Méndez Fuentes e señor Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, e a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adoptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Con base no informe-proposta emitido polo enxeñeiro municipal Manuel Monroy Castro e o Xefe de Área de Seguridade Antonio Vivero Mijares, transcrito na parte expositiva deste acordo, e previo ditame da Comisión Informativa, desestimar as emendas primeira a quinta presentadas polo membro non adscrito, Sr. Xabier Pérez Igrexas, no trámite de presentación de emendas polos grupos municipais establecido no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, estimando, en cambio, a emenda sexta presenta polo citado concelleiro.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO (Expte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 47 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nº118921/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo, no que se recollen as emendas estimadas.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

CUARTO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.

ÍNDICE

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.....	33
ANEXOS.....	41
ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.....	48
ANEXOS.....	55

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.

PREÁMBULO

A presente ordenanza nace da vontade deste Concello de garantir o uso axeitado dos espazos públicos para toda a cidadanía ante a aparición en datas recentes dun novo modo de mobilidade urbana como son os denominados vehículos de mobilidade persoal (no sucesivo VMP) regulando o seu uso, de tal forma, que se prime a seguridade viaria.

A norma trata de harmonizar os distintos usos das vías e os espazos públicos; facelos máis compatibles coas distintas modalidades de vehículos, pero tamén cos usuarios máis vulnerables, como son os peóns. Busca o respecto o medio urbano, e en especial, ao seu patrimonio histórico-artístico, sen significar unha traba a unha nova forma de mobilidade menos contaminante. Por este motivo, o seu obxectivo non é so regular a circulación dos VMP nas vías urbanas, senón tamén impulsar novas formas de mobilidades máis axeitadas co medio ambiente, tal e como recolle o Plan de Mobilidade Urbana sostible do Concello de Vigo.

Esta ordenanza complementa e amplía a normativa sobre os VMP contida na regulación estatal sobre tráfico e circulación. A regulación afecta o uso destes dispositivos en vías urbanas abertas o público, non entrando en consideración o emprego noutros ámbitos de carácter privado. Como aspectos máis salientables do presente texto destacar: a introdución da obrigación aos usuarios de portar elementos de seguridade como o casco e prendas reflectoras, a necesidade de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil como os demais vehículos a motor, fixar unha idade mínima para o seu manexo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 48 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polas vías urbanas, establecer a responsabilidade solidaria de pais, nais ou titores no caso de sancións a menores por infraccións cometidas por estes, e unha regulación da súa posible explotación económica que terá no futuro un desenrolo máis pormenorizado nas licitacións e concesións correspondentes. Establécense tamén os requisitos técnicos que deben presentar os VMP, certas limitacións de uso relativas a velocidade e o seu emprego en determinadas zonas da cidade.

A ordenanza estruturase en 15 artigos, unha disposición adicional, unha disposición final e catro anexos, o través dos cales defínese o obxecto, características e documentación necesaria dos vehículos, infraccións e sancións, e viais afectos a circulación.

Por último, ante esta nova realidade na mobilidade urbana e os diferentes e lexítimos intereses privados en xogo, a defensa do interese público lévanos a regular dun xeito proporcional e equilibrado, o uso dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de Vigo.

ARTICULADO

Artigo 1. Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer os requisitos e condicións de uso dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) no Concello de Vigo.
2. Para tal efecto regula:
 - a) Os requisitos dos vehículos de mobilidade persoal.
 - b) Os requisitos do/a condutor/a.
 - c) Os requisitos de circulación.
 - d) O réxime sancionador.
 - e) O marco básico regulador das actividades económicas con VMP.

Artigo 2. Definición.

1. Defínese como vehículo de mobilidade persoal (VMP) aquel dunha ou máis rodas dotados dunha única praza e propulsados exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de autoequilibrado.
2. Exclúense desta definición os vehículos sen sistema de autoequilibrado e con sela, os vehículos concibidos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VAC, así como aqueles incluídos dentro do ámbito do Regulamento (UE) n.º 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013.
3. Os dispositivos que non teñen a consideración de VMP, e están fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº168/2013 non poden circular polas vías públicas, e no lles afecta esta ordenanza.
4. Os VMP que non sobrepasen a velocidade de 6 km/h teñen a consideración de xoguetes. Non poderán circular por vías urbanas salvo aquelas sinalizadas como zonas residenciais (S-28)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 49 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. Os VMP que non contén con sistema de freado só poderán utilizarse con fins lúdicos ou deportivos e nas zonas especificamente deseñadas ou sinalizadas.

•
6. Os VMP que non contén con guiador non poderán compartir espazo cos vehículos a motor.

•
Artigo 3. Documentación e rexistro municipal de vehículos.

1. Os vehículos de mobilidade persoal deberán dispor de certificado de circulación conforme o disposto no art. 22 bis do Regulamento xeral de vehículos aprobado polo Real decreto 2822/98, do 23 de decembro, modificado polo Real decreto 970/20, do 10 de novembro.

2. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, poderase crear e levar un rexistro obrigatorio de todos os vehículos de mobilidade persoal.

O obxectivo deste rexistro será permitir a identificación de vehículos e titulares en caso de roubo, extravío ou accidentes. O rexistro de vehículos terá carácter puramente administrativo. Será público para as persoas interesadas e terceiros que teñan interese lexítimo e directo.

En todo caso figurarán:

- a) O certificado para a circulación.
- b) O seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.
- c) O usuario

Artigo 4. O/a condutor/a.

A idade mínima para conducir un VMP é de 15 anos cumpridos.

Artigo 5. Seguro de responsabilidade civil.

Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de Vigo.

Os importes da cobertura do seguro non poderán ser inferiores a 500.000 euros por sinistro, no caso dos danos ás persoas.

Artigo 6. Aspectos relativos ao uso e circulación.

1. Será obrigatorio o uso de casco e de chaleco ou roupa reflectora homologados.

2. Respectarase en todo momento as normas xerais de circulación establecidas nesta ordenanza e na lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

3. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesarias para evitar riscos e/ou danos propios ou alleos. Manterase unha distancia dun metro e medio respecto aos peóns; de non existir un paso seguro entre eles, o condutor/a terá que desmontarse do VMP e empuxalo a pé apagado. A persoa condutora debe estar, en todo momento, en condicións de controlar o seu vehículo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/03/2022 10:29

Páxina 50 de 80

Expediente/Documento 3312-1101

CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4. As persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeiras de rodas, con independencia do tipo de cadeira, son peóns, para todos os efectos.
5. Non se pode circular con taxas de alcol no organismo superiores ás establecidas regulamentariamente, nin con presenza de drogas ou calquera outro tipo de substancias que poidan alterar as condicións persoais para o manexo de vehículos.
6. Só está permitido o uso unipersoal ou monoplaza.
7. Non se permite circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
8. Non se permite circular usando dispositivos de telefonía móbil, así como calquera outro medio ou sistema de comunicación que implique uso manual.
9. En ningún caso, permitirase que sexan arrastrados por outros vehículos ou animais.
10. Cando circulen por calzada, farano polo carril da dereita e ocupando a parte central deste.
11. Nos pasos para ciclistas deberase reducir a velocidade, cruzar a unha velocidade moderada e con precaución, sen invadir o espazo reservado para peóns. Terase que desmontar do VMP no caso de que non existise un paso seguro entre os peóns e empuxar a pé o VMP apagado.
12. Está prohibido circular con VMP levando animais, mercadorías ou obxectos que sobresaían do vehículo.
13. Prohíbese que circulen en formación paralela.
14. Os VMP que pola súa construción dispoñan de luces dianteiras e traseiras deberán facer uso destas para circular. Terán prohibido a circulación entre a posta e saída do sol, e cando as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables se non dispoñen de alumado.

Artigo 7. Vías de circulación dos VMP. Limitacións de uso.

1. Débense cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de vía:
 - a) En beirarrúas e zonas peonís non se poderá circular con VMP. Nestes casos os usuarios deberán desmontarse do VMP, e empuxalo apagado ata o seu destino ou lugar de estacionamento.
 - b) Casco Vello Alto e Baixo, e Casco Histórico de Bouzas (zonas delimitadas en Anexo IV), rúas con prioridade peonil (rúas residenciais sinalizadas con S28 e áreas de convivencia ciclista-peón debidamente sinalizadas). Poderase circular a unha velocidade non superior a 10 km/h, que deberá reducirse a 5 km/h para acomodalala á velocidade dos peóns cando se aproxime a estes, unha distancia mínima de dous metros de separación respecto das fachadas e dun metro e medio de separación respecto das persoas. Terá que desmontarse do VMP no caso de que non existise un paso seguro de entre peóns de 1,5 m e empuxar a pé o VMP apagado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 51 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- c) Circulación polo carril-bici, pista-bici, sendas ciclables e beirarrúas-bici (ao non poder circular polas beirarrúas). A circulación por estes espazos está autorizada coas limitacións do tipo de vehículo do artigo 9 da presente ordenanza e a unha velocidade non superior a 20 km/h
- d) Circulación pola calzada, ciclo-carril. A velocidade máxima será de 25km/h ou no seu caso respectando as limitacións de velocidade xenéricas vixentes ou sinalizadas na vía.
- e) Carril bus: Os VMP poderán circular polo carril bus a unha velocidade máxima de 25 km/h

2. Prohíbese circular por travesías, vías interurbanas e autoestradas e autovías que transcorren dentro de poboación con vehículos de mobilidade persoal. Así mesmo, queda prohibida a circulación destes vehículos en túneles urbanos e pasos inferiores urbanos.

3. O Anexo I recolle as vías excluídas da circulación dos VMP por razóns como intensidade de uso, composición do tráfico e o seu carácter vertebrador da mobilidade de vehículos a motor, e por dispoñer en todos os casos de alternativa viaria.

4. O Anexo II recolle os usos permitidos en espazos públicos segundo as características técnicas dos vehículos de mobilidade persoal. O Anexo III recolle a definición destes, excepto a delimitación do Casco Histórico e de Bouzas, que están recollidas no Anexo IV.

5. Os anexos previstos nesta ordenanza poderán ser modificados por necesidades técnicas de circulación por acordo da Xunta de Goberno Local.

Artigo 8. Estacionamento.

1. Os VMP estacionaranse nos espazos especialmente destinados a eles e/ou ao aparcamento de bicicletas.

2. No suposto de non existir estes aparcadoiros libres nunha contorna de 50 metros poderán estacionar en fila sobre a beirarrúa a un mínimo de 50 cm do bordo, sempre que non impidan o tránsito de peóns. Se a beirarrúa ten máis de 5 m de anchura, o estacionamento poderase facer en semibatería coas seguintes restricións:

- sempre que non exista sinalización específica que o prohiba.
- a máis de dous metros das extremas das marcas viais que delimitan os pasos de peóns, zonas de carga e descarga, e paradas de transporte público.

3. Os vehículos de mobilidade persoal non poderán ser ancorados a elementos de alumbeado e sinalización, elementos vexetais, bancos, marquesiñas, nin a outros elementos de mobiliario urbano.

4. Os VMP destinados ao exercicio de actividades económicas, estacionaranse nos lugares e forma que estableza o título habilitante para a actividade e/ou concesión.

Artigo 9. Actividades económicas privadas.

1. Todos os vehículos de mobilidade persoal que se utilicen para o desenvolvemento dunha actividade económica, incluíndo o alugueiro de tales vehículos, deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 52 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do concello de Vigo.

2. Cando a actividade económica teña por obxecto a realización de itinerarios de interese turístico, deberán obter ademais unha autorización municipal cuxo outorgamento esixirá en todo caso:

- a) A existencia do certificado para a circulación, ou no seu defecto legal, o documento que acredite a homologación do vehículo;
- b) Proposta de itinerarios e horarios;
- c) Declaración responsable comprometéndose a non permitir o uso senón conforme ao disposto na presente ordenanza, as normas xerais de circulación e demais que resulten aplicables, coidando que os usuarios teñan capacidade bastante para o manexo dos vehículos.

Artigo 10. Réxime sancionador.

1. A responsabilidade por infraccións cometidas contra o disposto nesta ordenanza determinarase conforme o previsto no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, ou norma que o substitúa, e tramitaranse de acordo coa dita normativa.

2. O procedemento e réxime sancionador das infraccións á presente ordenanza, que non estean recollidas no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, será o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, as sanción serán obxecto dunha bonificación do 50% no suposto de ser abonadas en período voluntario.

3. A tramitación do procedemento sancionador será independente daqueles outros procedementos que tivesen que tramitarse por restauración da realidade física alterada ou por execución forzosa.

4. De cometerse unha posible infracción, a persoa titular do vehículo ten a obriga de identificar perante o Concello o seu condutor u condutora.

Artigo 11. Suxeitos responsables.

1. A responsabilidade polas infraccións desta ordenanza recaerá directamente na persoa autora do feito.

2. Non obstante, cando a infracción corresponda a un menor de dezaioito anos responderán solidariamente da sanción imposta aos seus proxenitores, titores ou gardadores legais.

3. Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo pola autoridade, será responsable a/o condutor/a identificado/a polo titular. De non producirse a identificación considerarase responsable o/a condutor /a que conste como titular, excepto no caso de subtracción do vehículo.

4. No suposto de actividades económicas ademais do suxeito autor da infracción será responsable o titular da actividade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 53 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Artigo 12. Infraccións.

1. As infraccións á presente ordenanza cualificaranse en leves, graves e moi graves.
2. Cualificaranse como infraccións leves:
 - a) Circular sen manter unha distancia de separación mínima establecidas nesta ordenanza.
 - b) Estacionar sobre beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns
 - c) Estacionar un VMP fóra dos espazos destinados para eles, existindo prazos libres nunha entorna de 50 m.
 - d) Amarrar o atar un VMP nun lugar onde está especificamente prohibido.
3. Cualificaranse como infraccións graves:
 - j) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade cando no se considere como infracción moi grave.
 - k) Circular en VMP sen ter a idade mínima permitida.
 - l) Circular transportando viaxeiros excedendo o uso unipersoal.
 - m) Circular cun VMP carecendo de sistema de freado.
 - n) Circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
 - o) Circular por vías ou zonas prohibidas.
 - p) Circular incumprindo as condicións de circulación esixidas pola ordenanza e demais normativa de aplicación.
 - q) Circular cun VMP sen o casco de protección obrigatorio ou as pezas de roupa ou elementos reflectores.
 - r) Circular sen levar timbre, e/ou luces se por construción estivera obrigado.
 - k) Conducir utilizando un teléfono móbil ou outro medio ou sistema de comunicación.
 - l) Estacionar un VMP fora dos espazos destinados para eles entorpecendo o tránsito peonil ou doutros vehículos.
4. Cualificaranse como infraccións moi graves:
 - g) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade, excedendo en máis dun 50 por cento a velocidade máxima permitida.
 - h) Circular con taxas de alcohol no organismo superior ás establecidas regulamentariamente ou con presenza de drogas.
 - i) Circular con temeridade, provocando circunstancias de risco propio ou para terceiros, e que podan poñer en perigo ao resto de usuarios/as da vía.
 - j) Circular cun aparello que non teña a consideración de VMP e que a súa vez estea fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 168/2013
 - k) Carecer de seguro de responsabilidade civil.
 - l) Exercer actividade económica con VMP sen ter obtido as autorizacións pertinentes para o inicio da actividade, ou continuar exercendo a actividade esgotado ou finalizado o prazo estipulado para autorización.

Artigo 13. Sancións.

As infraccións descritas sancionaranse do xeito seguinte:

- a) As cualificadas como leves con multas de ata 100 euros.
- b) As cualificadas como graves con multas de 101 euros ata 200 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 54 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) As cualificadas como moi graves con multas de 201 euros ata 500 euros.

Artigo 14. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións das normas contidas nesta ordenanza, que á súa vez constitúan infraccións da normativa de tráfico, e os seus regulamentos de desenvolvemento, e as súas sancións correspondentes, rexeranse polo réxime previsto nas ditas normas.
2. O resto das infraccións reguladas na ordenanza prescribirán: as leves aos seis meses de ser cometidas, as graves aos dous anos, e as moi graves aos tres anos .
3. O prazo de prescrición das sancións reguladas pola ordenanza será: un ano para as leves, dous anos para as graves, e tres anos para as moi graves.

Artigo 15. Inmobilización e retirada.

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán inmovilizar e retirar o vehículo de mobilidade persoal conforme o establecido nos artigos 104 e 105 da Lei de tráfico.
2. Na adopción das anteriores medidas provisionais, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de forma que a súa adopción só terá lugar de ser necesaria para facilitar a fluidez do tráfico ou por representar un perigo para a seguridade viaria.

Disposición adicional. Tratamento residual dos VMP.

Os vehículos de mobilidade persoal serán obxecto de tratamento residual nos supostos establecidos no art. 106.1, letras a) e b) da Lei de tráfico.

Disposición final. Publicación e entrada en vigor.

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor da ordenanza producirase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva desta ordenanza comunicaráselles ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e a ordenanza publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) A ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXOS

Anexo I. Calzadas excluídas á circulación de VMP.

- Gran Vía entre Venezuela e Praza América.
- Avd. de Madrid nos carrís centrais
- Avd. de Castelao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 55 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Avd. de Beiramar
- Avd. de Clara Campoamor
- Avd. do Arquitecto Palacios
- Avd. de Citröen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 56 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anexo II. Listado de espazos públicos e permeabilidade da circulación de VMP

Tipo de espazo público		VMP sen guiador	VMP con gu
		Vmax=20km/h	Vmax=25k
a)	Beirarrúas Zonas peonís	NO NO	NO NO
b)	Casco Vello Centro e Bouzas Rúas residenciais (sinalizadas con S28) Áreas sinalizadas de convivencia ciclista-peón	SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)
c)	Carril-bici Pista-bici Sendas ciclables (sinalizadas con S33) Beirarrúas-bici	NO SI SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=20km/h) SI (a Vmax=20km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)
d)	Calzada Ciclo-carril Zona 30	NO NO NO	SI SI SI
e)	Carril bus/taxi/moto	NO	SI
d)	Túneles e pasos inferiores urbanos.	NO	NO

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 57 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anexo III. Definicións e clasificación de espazos públicos de menor a maior presenza de vehículos a motor.

- Zona peonil: parte da vía, elevada ou delimitada doutra forma, reservada á circulación de peóns. Inclúese nesta definición a beirarrúa, ou plataforma e o paseo.
- Vía ciclista: Vía especificamente condicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal correspondente, e cuxo ancho permite o paso seguro deste vehículos.
- Área de convivencia ciclista-peón: rúas ou zonas peonís na que se permite expresamente circular en bicicleta mediante sinalización vertical correspondente. Poden existir marcas no pavimento que indiquen unha zona ou eixo de circulación ciclista. Débese respectar o peón, quen terá preferencia en todo momento. O usuario do vehículo está obrigado/a a apear-se e ir andando se as condicións de circulación pola presenza de peóns non permiten manter unha distancia mínima de 1m. Estarán debidamente sinalizadas.
- Pista bici: vía ciclista segregada do tráfico motorizado con trazado independente das estradas
- Senda ciclable (S33): vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.
- Beirarrúa-bici: vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa
- Rúas residenciais (S28): zonas de circulación especialmente acondicionadas que están destinadas en primeiro lugar a peóns. Nelas aplícanse as normas especiais de circulación seguintes: -velocidade máxima dos vehículos 20 km/h e os condutores deben conceder a prioridade a peóns. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas. Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación. Os xogos e os deportes están autorizados. Os peóns non deben estorbar inutilmente aos condutores de vehículos.
- Carril-bici Vía ciclista que discorre apegada á calzada, en un so sentido ou en dobre sentido.
- Ciclo-carril: calzada de varios carrís, na que un só carril ten limitada a velocidade. As bicicletas e VMP teñen preferencia sobre os vehículos a motor. Os demais vehículos teñen permitido o seu uso respectando unha distancia de seguridade de 10m.
- Carril bus/taxi: carril especialmente reservado o habilitado para a circulación de transporte colectivo de viaxeiros.
- Zonas 30: zona de circulación especialmente acondicionada que está destinada en primeiro lugar aos peóns. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 30 km/h. Os peóns teñen prioridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 58 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anexo IV. Enumeración de rúas que constitúen o Casco Vello e Bouzas

- Casco Vello Alto: rúas de Abeleira Menéndez, Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Santiago e Praza de Argüelles.
- Casco Vello Baixo: o interior do perímetro delimitado polas rúas de Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avda. de Beiramar ata a súa confluencia coas rúas de San Francisco e Poboadores, incluídas estas dúas últimas.
- Casco Histórico de Bouzas: Alameda Suárez Llanos, rúas de Ferreiros entre Casiano Martínez e Rúa do Pazo; Ramón Antonio Álavaro, Caetano Pereira Limia, Santa Ana, Pazo, Praza da Vila de Bouzas, Sebastián Elcano, Alfaies, San Miguel e Santo Cristo.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS RESOLUTIVAS

5.(6) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO POLO FORTALECEMENTO DA ATENCIÓN PRIMARIA NA ÁREA SANITARIA DE VIGO. REXISTRO PLENO 3259/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3259/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCION

“POLO FORTALECEMENTO DA ATENCIÓN PRIMARIA NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión adoptada pola Xunta de Galiza hai varias semanas de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, 7 deles na nosa cidade, veu certificar a situación de colapso na que se atopa a Atención Primaria.

Unha decisión que non podemos máis que cualificar de inaceptábel por deixar a miles de persoas sen dereito a asistencia sanitaria, con risco para a súa saúde. Porque as patoloxías aínda que non sexan de gravidade precisan de atención para que non se agraven e porque a xente non pode aguantar durante días ou semanas: doentes crónicos que se poden descompensar, persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais... Non podemos volver aos diagnósticos tardíos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 59 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta restrición supuxo tamén unha maior saturación dos PAC e os servizos de urxencias hospitalarias. Foi tomada sen sequera comunicarllo aos representantes dos e das traballadoras, nunha nova mostra de desconsideración, falta de respecto, polo seu traballo e entrega. E verificou, máis unha vez, que para a Xunta do Partido Popular, Vigo e a súa área somos o banco de probas das súas políticas de continuados recortes e privatizacións: a zona cero da desfeita sanitaria en Galiza.

A Atención Primaria (AP) está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario. A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

Esta situación non é sobrevida, imprevista, ou imputábel apenas a esta sexta vaga da pandemia do coronavirus, senón que é consecuencia das políticas sanitarias que o PP leva 12 anos aplicando.

Unha situación que a pandemia non fixo máis que aflorar con toda crueza. A improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Feixóo durante toda a pandemia volve pórse de manifesto.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando o Goberno galego procurando o desmantelamento da Sanidade Pública. 12 anos de recorte do orzamento e de xubilacións de profesionais sen proceder á súa substitución. Como exemplo entre 2012 e 2017 xubiláronse 331 médicos/as de Atención Primaria e só se repuxeron 221. 110 menos en 5 anos. Ao igual que de 175 xubilacións de pediatras só se repuxeron 96. A partir de aí a Xunta deixou de facilitar datos.

No entanto, a previsión é que nos vindeiros catro anos se xubilen por volta de 400 médicos/as de familia, arredor do 15% do cadro actual, sen que haxa ningunha garantía de relevo, toda vez na actualidade xa hai máis de 50 cupos sen cubrir.

Esta realidade ten sido denunciada reiteradamente demandando medidas, tanto polos propios e propias profesionais sanitarias como polo conxunto da poboación, a través de masivos procesos mobilizadores e de protesta que o Partido Popular se nega a escoitar.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación. Pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de profesionais e a falta de perspectivas de mellora. Polo feito de que preto de dous anos despois do inicio da pandemia inda non se teña recuperado a normalidade asistencial.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben as persoas doentes, que marchan fóra, á privada ou solicitan excedencias. Facultativos/as de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade nesta Atención Primaria saturada e precaria.

A Xunta do PP non só non toma nota senón que, moi ao contrario, está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública para garantir o negocio da privada. Así o demostran os feitos.

O primeiro é que cando sería precisa unha auténtica aposta pola Atención Primaria para sacala do colapso no que se atopa, o orzamento para 2022 aínda é



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 60 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

máis baixo que no ano 2021, 2 millóns de euros menos. 47 millóns de euros menos que no 2009, hai 12 anos, que de aplicarlle o IPC, serían 277 millóns de euros menos.

O segundo é que non rectifica a súa política laboral de precariedade e temporalidade, senón que non fai máis que empeorar as condicións laborais das/dos profesionais. Obrigar os e as profesionais a traballaren sen descanso, con permanente intersubstitucións, prolongacións extenuantes da xornada, a imposibilidade de gozar de días de libranza ou vacacións, etc.

O terceiro é non facer nada, absolutamente nada, para reter os e as profesionais que rematan a súa formación. Un estudo realizado polo colectivo "Precarios pola atención primaria" conclúe que dos médicos de familia que remataron o MIR de Familia e Comunitaria nos últimos 5 anos (arredor de 400) só a metade están traballando en Atención Primaria, e o máis grave é que cada ano a porcentaxe baixa, porque optan por outras oportunidades laborais onde se lles valora e respecta.

O cuarto, non tomar ningunha medida para aumentar os cadros de persoal con novas categorías, nin activar as carteiras de servizo para que cada categoría profesional poida actuar con autonomía e as persoas doentes acudir a cada un deles directamente.

Se falla a Atención Primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado. A necesidade de fortalecemento da Atención Primaria non permite máis demoras.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar a Xunta de Galiza a:

- 1.** Non volver aplicar restricións na atención sanitaria nos centros de saúde.
- 2.** Cambiar o actual modelo fracasado de Atención Primaria por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Adoptando para iso as seguintes medidas:
 - A Incrementar o orzamento sanitario a nivel galego no obxectivo de atinxir o 25% do orzamento total da Xunta de Galiza.
 - B Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos que permita coñecer a situación real do cadro de persoal e establecer as ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e convocar a totalidade das prazas vacantes.
 - C Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación e posta en marcha dun plan de retorno e captación de profesionais, ofertando contratos dignos e estábeis, para evitar que sigan marchando profesionais ben cara a privada ou ao estranxeiro.
 - D Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria novas categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 61 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, fisioterapeutas, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, nutricionistas...

- E Poñer en funcionamento as carteiras de servizo de cada categoría profesional, que recoñezan o seu mapa de competencias e poidan traballar con autonomía e as persoas doentes poidan pedir cita directamente.
- F Contratar a todos os e as profesionais precisas para garantir a atención sen demoras ás persoas que precisan pórse en contacto cos centros de saúde tanto presencial como telefonicamente.
- G Facilitar o acceso a probas diagnósticas directamente.
- H Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
- I Dotar de máis medios o Punto de Atención Continuada (PAC) de Vigo, en Pizarro, e a creación na cidade de outros dous novos PAC, en Teis e a contorna de Coia-Navia, incluíndo persoal especializado para a atención de urxencias pediátricas.
- J Recuperar a dotación asistencial prevista no proxecto inicial de centro de saúde de Bouzas, con 6 consultas de medicina de familia, pediatría e traballadora social.
- K Promover a construción de novos centros de saúde na cidade de Vigo para desconxestionar a rede asistencial de Atención Primaria

3. Aprobar medidas que garantan a presenza e estabilidade de profesionais nas prazas de difícil cobertura:

- A Elaboración dun catálogo no que se definan e cuantifiquen estas prazas.
- B Determinación do proceso de cobertura.
- C Recoñecemento da labor dos profesionais nestas prazas: incentivos económicos, máis valor a servizos prestados..."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 62 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,.

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3259/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(7) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A GARANTIR OS RECURSOS HUMANOS E MEDIOS TÉCNICOS PARA O ADECUADO FUNCIONAMENTO DA ATENCIÓN PRIMARIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 3264/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3264/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A xestión da atención primaria, por parte da Xunta de Galicia, na Área Sanitaria de Vigo xa a cualificamos de completo desastre en innumerables ocasións.

En tempos moi difíciles para o conxunto dos pacientes, as decisións dos responsables da Área Sanitaria só cabe cualificalas de nefastas.

O goberno galego unicamente empregou 515 millóns de euros, dos 735 do fondo COVID que recibiu do Goberno do Estado, polo que deixou de gastar en Sanidade 225 millóns mentres que a Atención Primaria está desbordada e colapsada. Agora danse conta, na Xunta de Galicia, da falta de facultativos cando son eles os responsables de non reclamar o incremento das prazas MIR ao Goberno de Rajoy no período 2011-2018

Se xa a situación xa era grave, a decisión adoptada polos responsables nos primeiros días deste mes de Xaneiro supera todo o imaxinable en sentido negativo. A orde dada aos facultativos de 14 centros de saúde da Área Sanitaria de Vigo para que só atendesen aos pacientes relacionados con COVID e urxencias, desatendendo gravemente ao resto da poboación, tanto nas citas programadas como nas consultas que puidesen solicitar, supuxo un auténtico colapso.

Foi unha decisión adoptada única e exclusivamente na Área Sanitaria de Vigo. Os profesionais cualifícanos como unha “represalia” ante as protestas xeneralizadas por salvar a Atención Primaria. É evidente que existe unha política anti-Vigo por parte de Núñez Feijóo e os responsables nomeados por el para a xestión do ámbito sanitario.

Os pacientes reaccionaron con indignación a esta grave decisión e foron os profesionais sanitarios, cos facultativos á cabeza, os que se opuxeron a esta decisión. Para iso tiveron que estender as súas xornadas laborais máis aló da súa obrigação e atender a un número elevado de pacientes que eles mesmos consideran que supón unha deficiente atención médica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 63 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Decisións deste tipo son un perigo para a saúde de moitas persoas enfermas que precisan de atención e, evidentemente, incrementarán aínda máis as listas de espera.

É obrigación do goberno de Núñez Feijóo asumir as responsabilidades políticas por dar esa orde aos profesionais e adoptar as medidas necesarias para garantir a atención médica á que teñen dereito todos os pacientes.

E isto é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a garantir os recursos humanos e medios técnicos para que funcione adecuadamente a Atención Primaria, que neste momento descansa sobre o esforzo dos traballadores actuais moi por encima das súas obrigacións.
- Instar á Xunta de Galicia a asumir a responsabilidade política, cos cesamentos que correspondan, por poñer en grave risco a saúde dos pacientes de 14 Centros de Saúde da área de Vigo que tiñan citas programadas e aqueles que estaban pendentes de solicitala ao dar a orde de que exclusivamente se atendesen aos pacientes de COVID e urxencias.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o Sr. Pardo Espiñeira, Presidindo a Terceira Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3264/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 64 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(8). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRAR DE FORMA URXENTE E INMEDIATA A SÚA CANDIDATURA A PATRIMONIO DA HUMANIDADE AO PARQUE DAS ILLAS ATLÁNTICAS E DECLARAR O SEU APOIO Á CANDIDATURA PROPOSTA POLO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 3265/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3265/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde hai 7 anos o Concello de Vigo está a traballar para conseguir a declaración das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade.

Durante todo este tempo o traballo do Concello de Vigo ao redor desa candidatura foi incesante: constitución dun comité científico con mais de 20 investigadores das tres universidades galegas e dos principais centros de investigación de referencia no ámbito nacional, constitución dun comité socio-económico, constitución dun comité técnico con especialistas de renome en candidaturas Patrimonio Mundial da UNESCO, divulgación científica con publicacións de prestixio como o libro “Illas Cíes, un ecosistema na fronteira, un legado para a Humanidade”. Á vez finánciase a tese Fin de Master e Fin de Grao para investigar nas Illas e lévase a cabo un programa educativo en todos os colexios de Vigo cunhas guías didácticas redactadas polo Comité Científico. Todo iso co obxectivo de dar a coñecer a excelencia ambiental que concorre nas Illas Cíes.

Por contra, a Xunta de Galicia non levou a cabo ningunha actuación, simplemente o boicot permanente á candidatura de Vigo.

As Illas Cíes forman parte do termo municipal de Vigo sen que a súa asociación a Vigo teña nada que ver coa súa inclusión no Parque das Illas Atlánticas, sen desmerecer ao resto de espazos naturais que o forman.

A candidatura a Patrimonio da Humanidade, con toda seguridade, xa estaría conseguida se non fora pola posición obstrucionista da Xunta de Galicia que lanzou unha candidatura paralela coa única intención de prexudicar á impulsada polo goberno municipal e que é a única que ten posibilidades reais de conseguir o ansiado obxectivo.

Son moitos os recoñecementos á singularidade das Illas Cíes, pero recentemente produciuse un feito incomparable coa publicación polo The New York Times dos 52 mellores destinos turísticos ambientais do mundo. Entre eles atópanse as Illas Cíes de Vigo á beira doutros destinos de consideración mundial inigualable.

Este recoñecemento polo periódico máis influente do mundo supón un notable impulso ao turismo da cidade de Vigo e ao espazo único que son as Illas Cíes. É un paso máis nese camiño que debe levar á declaración de Patrimonio da Humanidade e que non foi conseguido ata o momento pola política anti-Vigo de Núñez Feijóo e o seu goberno da Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 65 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O impacto continuo das Illas Cíes na preferencia dos turistas, estudosos medio-ambientais, publicacións de prestixio mundial como o The New York Times, son o mellor expoñente de que se conseguira o obxectivo desexado. Para iso e para evitar obstaculizacións institucionais, como a practicada pola Xunta de Galicia que tamén afectou negativamente á Ribeira Sacra, é imprescindible e urxente que a Xunta de Galicia retire de inmediato a súa candidatura e, así debería de ser, apoie sen reservas á presentada polo Concello de Vigo, a única que o pode conseguir.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a retirar de forma urxente e inmediata a súa candidatura a Patrimonio da Humanidade para o Parque das Illas Atlánticas e declarar publicamente o seu apoio á candidatura proposta polo Concello de Vigo para a declaración de Patrimonio da Humanidade das Illas Cíes.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego, e volve a Presidir o Segundo Tenente de Alcalde, o Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3265/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(9). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE TRANSFIRA A XESTIÓN DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA, NO ÁMBITO DO TERMO MUNICIPAL, AO CONCELLO DE VIGO, COA TRANSFERENCIA DE FONDOS AXEITADOS PARA TAL FIN, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 3266/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3266/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 66 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MOCIÓN

“O Consello de Ministros do Goberno de España aprobou o día 18 de xaneiro de 2022, o Real Decreto polo que se regula o Plan Estatal para o Acceso á Vivenda 2022-2025 e o Bono Alugueiro Xove.

Os Presupostos Xerais do Estado destinarán neste exercicio presupostario 3.290 millóns de euros a políticas de vivenda, fronte aos 475 millóns de euros que destinou o goberno anterior, presidido por Mariano Rajoy.

O Plan Estatal de Acceso á Vivenda 2022-2025 está dotado durante toda a súa vixencia con 1.717 millóns de euros, consignando xa neste exercicio 345 millóns nos Presupostos Xerais do Estado, demostrando así que o acceso á vivenda é un pilar fundamental do Estado do Benestar para este Goberno.

Como novidade, o Goberno de España lanza un programa específico para que a xente nova do noso país poidan acceder a unha vivenda digna e accesible, dotado con 200 millóns de euros e que poderá beneficiar a máis de 70.000 persoas menores de 35 anos.

No Concello de Vigo existen, neste momento, máis de 5.500 persoas demandantes á Xunta de Galicia dunha vivenda protexida, coa previsión de que a cifra real poida acadar as 9.000 persoas. É o concello no que máis demanda de vivenda protexida existe en toda Galicia.

Por esta razón, o Concello de Vigo ten previsto no novo documento de ordenación urbanística municipal a creación dun parque de vivenda pública protexida de titularidade municipal, impulsando a promoción pública de forma directa.

Este Plan Xeral de Ordenación Municipal, que ven de rematar a súa exposición pública cun alto grao de consenso cidadán (4.445 alegacións fronte ás máis de 62.000 alegacións do Plan tramitado polo Goberno de Corina Porro) prevé, a promoción pública municipal de máis de 4.500 vivendas de protección pública, diante da inacción da Xunta de Galicia que é a administración que ten -e reivindica diante do Goberno de España- as competencias en materia de vivenda.

Polo tanto, tanto o Goberno de España, como o goberno de Vigo están a facer unha aposta clara pola creación dun parque público de vivenda, que permita incrementar a oferta de alugueiro social e fomentar a vivenda asequible para os novos, as persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación de vulnerabilidade económica.

Namentres, o Goberno de Feijóo deixou sen executar no exercicio 2021 máis do 60% do orzamento destinado a vivenda. De 47,6 millóns de euros para políticas de acceso á vivenda, o goberno do Partido Popular só executou 17,7 millóns de euros. É dicir, en plena emerxencia residencial, o Goberno de Feijóo deixou sen executar dous de cada tres euros presupostados para vivenda.

Ademais, a Xunta de Feijoo é unha das poucas comunidades autónomas que endureceu os requisitos de acceso ás axudas do Plan Estatal de Vivenda do Goberno de España e unha das poucas comunidades que non complementa con recursos propios estas axudas do Goberno de España.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 67 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con iso, temos o resultado do fracaso absoluto, xa que 8 de cada 10 solicitudes que tramita a Xunta de Galicia con cargo ao Plan Estatal de Vivenda, sufragado polo Goberno de España, son rexeitadas. Ademais, Galicia, tras 12 anos de goberno de Feijoo está á cola de España en porcentaxe de vivenda protexida, apenas un 4,8%, case a metade da media estatal.

Máis do 35% dos galegos e galegas viven en situación de exclusión residencial, o 66% destas persoas viven en situación de exclusión residencial severa. 61.400 fogares galegos son inseguros, 47.400 non son aptos para vivir.

Este é o mapa da situación de emerxencia residencial que se vive en Galicia e, moi especialmente, en Vigo, unha cidade na que Feijóo en 12 anos de goberno non foi quen de realizar ningunha promoción de vivenda pública protexida, agás as dúas promocións para as que o Concello de Vigo lle cedeu gratuitamente os terreos.

Neste contexto de emerxencia residencial e diante do ambicioso Plan de Vivenda Estatal que o día 18 de xaneiro aprobou o Goberno de España, que trasladará os fondos ás comunidades autónomas, o grupo municipal socialista insta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal a que aprobe o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a que transfira a xestión do Plan Estatal de Vivenda, no ámbito do termo municipal, ao Concello de Vigo, coa transferencia de fondos axeitada para tal fin, de modo que non queden sen executar os ditos fondos para o acceso á vivenda para os colectivos máis vulnerables.
- Instar á Xunta de Galicia a dar conta da inexecución de máis do 60% do presuposto destinado ao acceso á vivenda por parte da Goberno galego e a ofrecer explicacións do fracaso de execución do Plan Estatal de Vivenda anterior.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego, e a Sra. Egerique Mosquera.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e o voto en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adoptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 68 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3266/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(10) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE MANTEÑA AS TARIFAS NA AUTOESTRADA QUE CONECTA VIGO CON BAIONA AG-57, E BONIFIQUE AS PEAXES NOS MESMOS TERMOS QUE FIXO O GOBERNO DO ESTADO COA PEAXE A REDONDELA. REXISTRO PLENO 3267/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3267/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 24 de maio de 1999, o presidente da Xunta de Galicia inauguraba a autoestrada do Val Miñor (AG-57), a primeira vía de alta capacidade propiedade da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia concedeu a explotación das súas autoestradas á empresa Autoestradas de Galicia, pertencente ao mesmo grupo do que forma parte AUDASA, concesionaria da explotación da autoestrada do Atlántico. Esta concesión da AG-57 rematará en febreiro de 2045

A Xunta de Galicia comeza este ano 2022 coa subida de tarifas da AG-57 en 5 céntimos en contraste coas medidas de eliminación de peaxes establecidas polo Goberno de España.

Así, mentres que as peaxes de Vigo a Redondela, ou mesmo a Pontevedra están liberalizadas ou teñen una eliminación da viaxe de retorno, desprazarse dende Vigo a Vincios sae en 0,40 euros; a Gondomar en 0,90 euros; a Nigrán 1,15 euros e ata Baiona 1,70 euros.

Esta situación xera unha diversidade de trato para a poboación da área metropolitana e afecta, tamén, a actividade socioeconómica da nosa cidade, de Vigo. É significativo que, incluso, os desprazamentos entre as nosas vilas veciñas do Val Miñor están gravadas por peaxes significativamente elevados. Así, o traxecto entre A Ramallosa e Baiona ascende a 0,70 euros; o que une Nigrán con Baiona págase a 1,15 euros e o que se sitúa exclusivamente por Nigrán, entre Porto do Molle e Ramallosa, chega ós 0,35 céntimos.

A esta situación se engade que as estradas alternativas de conexión recorren por tramos practicamente urbanos ou que, polo estado das estradas, non son unha alternativa en tempo para os desprazamentos tanto particulares como de mercancías, así como na tempada estival onde o turismo increméntase.

Esta situación debe ser corrixida pola Xunta de Galicia posto que supón unha penalización a un territorio que agrupa a medio millón de habitantes, que constitúe unha das zonas con maior número de empresas implantadas e con polígonos industriais de referencia, ademais dun importante polo turístico. Debe terse en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 69 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conta que en Vigo están os centros sanitarios de referencia, a Universidade, o aeroporto, a estación ferroviaria, o porto, os centros tecnolóxicos e de investigación e outras infraestruturas e servizos de referencia.

Ademais, os cidadáns de Vigo, ao igual que os das vilas veciñas, forman parte dun fenómeno metropolitano que non entende de fronteiras de términos municipais e no que residentes na cidade olívica se desprazan a traballar ás localidades veciñas pero tamén en sentido no sentido inverso. Do mesmo xeito, as nosas empresas contan con instalacións nos municipios veciños e é preciso desprazarse por razóns comerciais.

Por todo o anterior, proponse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a que manteña as tarifas na autoestrada que conecta Vigo con Baiona, AG-57, e bonifique as peaxes nos mesmos termos que fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3267/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

10.(11). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 21.12.21 AO 19.01.22. EXPTE. 1132/1102 (REXISTRO PLENO 3260/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 21.12.21 ao 19.01.22) incluídas no expediente 1132/1102.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 70 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

11.(12). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 21.12.21 AO 19.01.22. EXPTE. 1133/1102 (REXISTRO PLENO 3261/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 21.12.21 ao 19.01.22) incluídas no expediente 1133/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS DE CONTROL

12.(13). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SOLICITANDO A REAPERTURA INMEDIATA DE VIGOSÓNICO. REXISTRO PLENO 3256/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3256/1101, os concelleiro/a do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA SOLICITAR A REAPERTURA INMEDIATA DE VIGOSÓNICO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Xa se fala de colapso de Vigo como cidade de cultura contemporánea. Se imos ao pasado inmediato, temos perdas que xa foron tantas veces sinaladas publicamente como ignoradas dende o Goberno local da cidade: o festival Are More de música clásica, a Fotobienal, o festival de jazz ImaxinaSons, o festival ALT de artes escénicas ou a despedida de Vigo do festival SinSal son mostras ben evidentes. Tamén os programas especialmente orientados a fomentar o talento da mocidade foron caendo: Súbete ao Castro ou a a xestión Casa da Xuventude e o Punto Xove, feitos todos denunciados no seu día por este Grupo municipal, obtendo, á vista está, ningunha resposta.

Hoxe presentamos esta moción porque consideramos especialmente grave a situación do VIGOSÓNICO, tal e como ademais estase denunciando por dúcias de bandas de música da cidade, organizadas actualmente na Plataforma Grupos de Vigo en Loita.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 71 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Goberno local pecha VIGOSÓNICO en marzo de 2020 co inicio da pandemia, e en base ás diferentes normativas aprobadas polas administracións públicas en materia de sanidade, seguridade e contención.

Neste caso, o inicio da pandemia coincidiu ademais con certas problemáticas acontecidas arredor da licitación do servizo de xestión do VIGOSÓNICO que provocaron recursos xudiciais e suspensións cautelares. Feito que a día de hoxe non se sabe se ten que ver coa inacción do Goberno local con respecto a este servizo.

Tras o peche, o Goberno local tardou oito meses en responder ás chamadas dos usuarios e usuarias que só pretendían entrar para recoller os seus instrumentos, que quedaron alí co peche súbito de marzo. Para cando puideron entrar a polos instrumentos, moitos estaban xa estragados pola humidade. Non podemos entender este desprezo, esta falta do mínimo respecto, a estas persoas.

Ás preguntas sobre o futuro de VIGOSÓNICO que se sucederon no Pleno do Concello de Vigo non houbo resposta algunha, en ningún sentido, e hoxe, case dous anos máis tarde, e con normas e medidas sanitarias absolutamente distintas ás que foron aplicándose nos pasados dous anos pola situación COVID, o espazo continua pechado, deixando sen máis motivos que a absoluta desidia e a falla de vontade do Goberno local como explicación á situación actual.

Dende a Marea de Vigo levamos denunciando o peche de VIGOSÓNICO sen ningún tipo de comunicación pública nin explicación aos usuarios, deixando sen servizo a máis de 200 bandas locais, así como a moitas outras veciñas e veciños, maioritariamente mocidade, que empregaban as instalacións: a sala de ordenadores, os cursos (de fotografía, de iniciación á edición de son, entre outros) e os eventos que se organizaban.

Dende a Marea de Vigo volvemos esixir que o Goberno local o Gob local atenda á petición de reapertura que están facendo os grupos de música, que VIGOSÓNICO volva abrir as súas portas con xestión pública que garanta a continuidade do servizo, porque a cultura de base ten que promoverse e protexerse dende o concello, non maltratarse, que é o que se está facendo. Un maltrato e unha falta de apoio que levou á disolución dalgunhas desas bandas pola imposibilidade económica de alugar espazos privados de ensaio. Tanto se utilizaba VIGOSÓNICO que había lista de espera para os locais de ensaio, xa que eran os únicos locais de ensaio municipais en toda a cidade, porque os anteriores -no Castro e na Casa da Xuventude- tamén foron clausurados polo Goberno local de Caballero.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a levar a cabo a reapertura inmediata das instalacións de VIGOSÓNICO.
2. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a manter interlocución coas bandas usuarias de VIGOSÓNICO para escoitar as súas demandas e poder programar con elas futuros concertos."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 72 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado ao Acta.

Incidencia. No momento da votación atopase ausente a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, a señora Mendez Fuentes e o señor Pérez Correa, mais e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3256/1101), polos concelleiro/a do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

13.(14). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA PARA FIXAR POBOACIÓN NA CIDADE E INCENTIVAR O EMPREGO, CON OBXECTIVOS E MEDIDAS DE CARÁCTER FISCAL, DE PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E OUTROS. REXISTRO PLENO 3263/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2022, número 3263/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Real Decreto 1065/2021, do 30 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal establece como poboación oficial de Vigo a de 293.837 habitantes. Esta cifra, inferior a do pasado ano, retrotrae á cidade ao ano 2007 de xeito que rematamos o ano 2021 con menos habitantes que entón.

Ademais do puro dato cuantativo está o aspecto reputacional, ao que o goberno non é alleo ao anunciar ano tras ano que superaríamos os 300.000 habitantes, cifra que nos permitiría un financiamento mais completo e que constitúe unha vella aspiración da cidade que se frustra ano tras ano. Vigo liderou de ser o crecemento demográfico de Europa no século XX e mantivo a súa tendencia ascendente no XXI precisamente ata o 2007, ano en que empeza a vacilar para derrubarse definitivamente por debaixo dos 295 mil habitantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 73 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con todo, o realmente importante é o envellecemento poboacional. a perda de poboación xoven, casi 18.000 persoas menores de 30 anos dende o ano 2007. Temos que poñer en relación ese dato con outros:

- O prezo da vivenda en venda e en aluguer, en constante incremento e que disuade á poboación máis xoven de establecerse na cidade.
- A presión fiscal, que nos tributos locais subiu un 30% nos últimos anos de xeito que temos xa os impostos máis caros de Galicia.
- A dificultade de atopar solo industrial en Vigo, o que motiva que moitas empresas teñan que ampliar as instalacións en concellos limítrofes, o que dificulta a creación de postos de traballo.

É preciso revertir este proceso con políticas de estímulo económico, de promoción da vivenda pública polo Concello e de facilitar trámites para a implantación de empresas, para o que é preciso que o goberno elabore unha estratexia con ese obxectivo, orientada a resultados e con medidas como:

- A revisión completa da fiscalidade municipal, rebaixando os tributos para as persoas e para as empresas
- A promoción e xestión polo Concello da vivenda de protección pública tanto en venda como en aluguer priorizando a poboación máis xoven.
- A simplificación de trámites para implantación de empresas e de negocios
- A localización de solo industrial e o mantemento do solo existente cunha revisión profunda do Plan Xeral aprobado inicialmente e que carece de estratexia algunha ademais dunha absoluta ademais de moi perigosa falta de rigor na súa tramitación.

A estas medidas habería que engadir tamén políticas que o goberno vigués ten desbotado, nomeadamente en materia de xuventude e cultura, dúas áreas nas que Vigo estivo á vangarda e que agora non existen pero que son imprescindibles para fixar poboación e especificamente, poboación xoven.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

Instar ao goberno á elaboración dunha estratexia para fixar poboación na cidade e incentivar o emprego, con obxectivos e medidas de carácter fiscal, de promoción polo Concello de vivenda pública en venda e en aluguer, de promoción da cultura e con políticas para a xuventude."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atopase ausente a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 74 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, a señora Mendez Fuentes e o señor Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 21.01.22 (Rex. Nº 3263/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

14.(15). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se informe sobre se se activou ou non o denominado “dispositivo de frío” para a atención das persoas sen teito ou que outras medidas se executaron e se están a executar con ese obxectivo fronte ás baixas temperaturas.

15.(16). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sr. Pérez Correa. Rogamos reformulen a proposta de vial que prolonga a PO010 por varias parroquias da cidade cun grave impacto, especialmente en Beade e Bembrive.

16.(17). Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Se nos informe das datas en que se realice o pago efectivo da cantidade a que están obrigados os condenados pola trama de corrupción de Carmela Silva.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.(18). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Durante canto tempo máis o Goberno municipal vai seguir sen aplicar o Regulamento Orgánico do Pleno que mandata, no seu artigo 34.3, a constitución con carácter obrigatorio da Comisión Informativa de Vixilancia da Contratación?.

18.(19). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes. ¿Cando pensan recuperar o trámite de aprobación da ordenanza reguladora de mobilidade sostible?

19.(20). Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Coñece o goberno o alcance das consecuencias xurídicas do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 75 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

erro recoñecido pola concelleira de urbanismo sobre a omisión de 10 planos na exposición pública do PXOM?.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : pleno ordinario xaneiro
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 26 de Enero de 2022 09:03:39
Fecha Fin : Miércoles, 26 de Enero de 2022 12:47:04
Duración : 03:43:25

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3159

- Media (MASTER)

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9 (Stereo), 2.9 GiB

SHA512 -

813ea8dc53d1cde3f32bace27798a320b79d0fba376da2f3de0e55ecf9c65537c83f035
6d1e88f5d441531b902c9883305032a69e0704d12d8d2f5c3016b7081

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Escariz, Alberto; Riesgo, José;
Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font,
Carlos; Losada Álvarez, Abel; Mejías Sacaluga, Ana María;
Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz,
Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María
Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Pardo Espiñeira,
Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez,
José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel;
Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor;
Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa;
Marco González Castillo, Jesús; López Román, Patricia; Pérez
Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier.

00:00:35 : 1. Actas anteriores: Extraordinaria (Orzamentos) do 22.12.21,
extraordinaria (C.C.V.) do 22.12.21, Ordinaria do 29.12.21 e
extraordinaria do 4.01.22.

00:01:04 : 2. Aprobación inicial da Modificación Ordenanza Fiscal nº 6
reguladora do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de
Natureza Urbana. Expte. 2850/500 (Rexistro Pleno 3243/1101).

00:01:20 - Aneiros Pereira, Jaime
00:06:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:06:40 - Pérez Correa, Rubén
00:09:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:09:09 - Pérez Correa, Rubén
00:14:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:14:18 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:19:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:19:30 - Aneiros Pereira, Jaime



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/03/2022 10:29

Páxina 76 de 80

Expediente/Documento 3312-1101

CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:22:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:22:50 - Votación [9:26:24]
- 00:23:22 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 4º trimestre do ano 2021. Expte. 25183/541 (Rexistro Pleno 3241/1101).
- 00:23:38 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:28:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:28:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:31:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:31:10 - Pérez Correa, Rubén
 00:36:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:36:18 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:41:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:41:07 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:42:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:42:58 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:44:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:44:53 : 4. Aprobación Inicial da Ordenanza reguladora das condicións da circulación dos vehículos de mobilidade persoal nas vías urbanas da cidade de Vigo. Expte. 118921/210 (Rexistro Pleno 3244/1101).
- 00:45:08 - Espinosa Mangana, Elena
 00:50:16 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:52:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:52:30 - Pérez Correa, Rubén
 00:57:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:57:45 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco
 00:59:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:59:37 - Espinosa Mangana, Elena
 01:02:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:03:19 - Voto particular
 01:04:06 - Votación
 01:04:42 - Minuto de silencio en memoria de las víctimas de violencia de género
 01:05:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:06:01 : 5. Moción do concelleiro membro non adscrito polo fortalecemento da atención primaria na Área Sanitaria de Vigo. Rexistro Pleno 3259/1101.
- 01:06:10 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:08:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:08:24 - Pérez Correa, Rubén
 01:13:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:13:40 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:18:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:18:48 - López Font, Carlos
 01:21:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:21:55 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:23:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:23:21 - Votación [10:26:49]
- 01:23:39 : 6. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a garantir os recursos humanos e medios técnicos para o adecuado funcionamento da Atención Primaria e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3264/1101.
- 01:23:51 - López Font, Carlos
 01:28:59 - Espinosa Mangana, Elena
 01:29:06 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:31:16 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 77 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:31:27 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:35:32 - Espinosa Mangana, Elena
 01:35:38 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:40:35 - López Font, Carlos
 01:43:47 - Espinosa Mangana, Elena
 01:44:03 - Votación [10:47:26]
- 01:44:25 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a retirar de forma urxente e inmediata a súa candidatura a Patrimonio da Humanidade ao Parque das Illas Atlánticas e declarar o seu apoio á candidatura proposta polo Concello de Vigo. Rexistro Pleno 3265/1101.
- 01:44:43 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:49:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:50:04 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:52:11 - Pérez Correa, Rubén
 01:57:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:57:26 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:02:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:02:43 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:05:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:06:50 - Votación [11:10:11]
- 02:07:13 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que transfira a xestión do Plan Estatal de Vivenda, no ámbito do termo municipal, ao Concello de Vigo, coa transferencia de fondos axeitados para tal fin, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3266/1101
- 02:07:31 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:12:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:12:34 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:14:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:14:48 - Pérez Correa, Rubén
 02:19:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:20:04 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:25:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:27:32 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:28:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:28:41 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:28:46 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:29:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:29:25 - Votación [11:32:46]
- 02:29:47 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que manteña as tarifas na autoestrada que conecta Vigo con Baiona AG-57, e bonifique as peaxes nos mesmos termos que fixo o Goberno do Estado coa peaxe a Redondela. Rexistro Pleno 3267/1101.
- 02:30:04 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:35:16 - Espinosa Mangana, Elena
 02:35:20 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:38:10 - Espinosa Mangana, Elena
 02:38:14 - Pérez Correa, Rubén
 02:42:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:42:21 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:47:02 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:49:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:50:20 - Votación [11:53:40]
- 02:50:44 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 21.12.21 ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 78 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

19.01.22. Expte. 1132/1102 (Rexistro Pleno 3260/1101).

- 02:50:53 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 21.12.21 ao 19.01.22. Expte. 1133/1102 (Rexistro Pleno 3261/1101).
- 02:51:05 : 12. Moción do grupo municipal Mixto, solicitando a reapertura inmediata de Vigosónico. Rexistro Pleno 3256/1101.
- 02:56:05 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:01:26 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:03:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:03:38 - Lopez Roman, Patricia
 03:08:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:08:18 - López Font, Carlos
 03:13:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:13:43 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:16:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:17:03 - Votación [12:20:35]
- 03:17:22 : 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal á elaboración dunha estratexia para fixar poboación na cidade e incentivar o emprego, con obxectivos e medidas de carácter fiscal, de promoción de vivenda pública e outros. Rexistro Pleno 3263/1101.
- 03:17:45 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:22:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:22:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:25:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:25:13 - Pérez Correa, Rubén
 03:30:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:30:38 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 03:35:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:36:07 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:39:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:39:40 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:39:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:40:21 - Votación [12:43:38]
- 03:40:40 : 14. Formulación de rogos.
 03:40:42 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:40:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:41:01 - Pérez Correa, Rubén
 03:41:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:41:18 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:41:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:41:39 : 15. Formulación de preguntas
 03:41:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:41:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:42:04 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:42:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:42:20 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:42:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:42:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:43:25 : [FIN]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 79 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 2/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
am.

A PRESIDENCIA

Javier Pardo Espiñeira
Elena Espinosa Mangana

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:29	Páxina 80 de 80
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: AEA5A7-5B3953-41B1AF-V9JGSV-AVASRL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		